

tiva a chamadas telefónicas non se pode cortar o acceso ao servizo telefónico, aínda que si o acceso á internet.

Se vostede ten algún problema na súa relación contractual, pódese pór en contacto con nós a través do noso servizo de atención ao cliente que lle indicará o seu número de queixa. Con ese número pode presentar unha reclamación ante a Oficina de Atención ao Usuario de Telecomunicacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Vostede pode contactar coa Oficina de Atención ao Usuario de Telecomunicacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través do número 901 33 66 99 ou a web www.usuarioteleco.es. Nela asesorarano sobre os seus dereitos e sobre a maneira de presentar unha reclamación se non obtén resposta satisfactoria pola nosa parte.»

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8275 *REAL DECRETO 445/2007, do 3 de abril, polo que se establecen medidas de loita contra a influenza aviaria.* («BOE» 95, do 20-4-2007.)

A gripe ou influenza aviaria é unha enfermidade grave e moi contaxiosa das aves de curral e outras aves cativas, producida por diversos tipos de virus da influenza. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, que traspón a Directiva do Consello 92/40/CEE do 19 de maio, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a influenza aviaria.

Entre os virus da influenza cóntase un gran número de cepas víricas diferentes. O nivel de risco que suscitan as diversas cepas de virus da influenza para a sanidade animal e a saúde pública é moi variable e, en certa medida, impredecible, dada a rápida mutación dos virus e o posible intercambio de material xenético entre as cepas.

A influenza aviaria altamente patóxena é unha enfermidade infecciosa das aves, incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal, causada por cepas A do virus da gripe.

Establecéronse na Unión Europea novas medidas de loita contra esta mediante a Directiva 2005/94/CE do Consello, do 20 de decembro de 2005, relativa a medidas comunitarias de loita contra a influenza aviaria e pola que se derroga a Directiva 92/40/CEE. A devandita regulación revisa de forma exhaustiva as medidas establecidas na Directiva 92/40/CEE, tendo en conta os máis recentes coñecementos científicos sobre o risco que a influenza aviaria presenta para a sanidade animal e a saúde pública, a aparición de novas probas de laboratorio e as vacinas de que se dispón, así como o aprendido dos últimos focos desta enfermidade, con base nos máis recentes ditames do Comité Científico da Saúde e o Benestar dos Animais e da Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria, así como nos cambios achegados ao código sanitario para os animais terrestres e ao manual de probas de diagnóstico e vacinas para os animais terrestres da Oficina Internacional de Epizootias no relativo á influenza aviaria.

Este real decreto estrúcturase en nove capítulos, dedicados a:

- a) O capítulo I ás disposicións xerais.
- b) O capítulo II ás medidas preventivas, tanto bioseguraza como vixilancia, así como á notificación da enfermidade e ás enquisas epidemiolóxicas.
- c) O capítulo III ás medidas en caso de sospeita.
- d) O capítulo IV ás medidas en caso de influenza aviaria de alta patoxenicidade, dividido en sete seccións que recollen as medidas nas explotacións con foco, as delimitacións das zonas, as medidas que se van aplicar nas zonas de protección, de vixilancia e nas outras zonas restrinxidas, as excepcións e medidas de bioseguraza, e as medidas que haberá que adoptar nas instalacións diferentes das explotacións gandeiras e medios de transporte.
- e) O capítulo V ás medidas en caso de influenza aviaria de baixa patoxenicidade, dividido en 3 seccións que regulan as medidas que se van aplicar nas instalacións, nas unidades de produción independentes e nas explotacións de contacto, e nas zonas restrinxidas.
- f) O capítulo VI ás medidas para evitar a propagación a outras especies, á limpeza e desinfección, así como á repoboación das explotacións.
- g) O capítulo VII aos procedementos de diagnóstico, ao manual de diagnóstico e aos laboratorios comunitario e nacional de referencia.
- h) O capítulo VIII á vacinación, tanto de urxencia como preventiva.
- i) E o capítulo IX aos controis comunitarios, ao Plan de intervención e ao réxime sancionador aplicable.

Desta regulación, convén destacar que se prevén medidas para a detección temperá da infección entre as aves de curral, entre as cales figura un sistema de vixilancia activa, se diferencian as medidas de loita entre a infección por virus da influenza aviaria de baixa patoxenicidade e de alta patoxenicidade tendo en conta os diferentes niveis de risco que supoñen, se regulan actuacións de prevención e se considera a vacinación como unha posible ferramenta de loita.

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/94/CE, e establécense as medidas mínimas de loita contra a influenza aviaria.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer:

a) Algunhas medidas preventivas relacionadas coa vixilancia e a detección temperá da influenza aviaria, así como para aumentar o nivel de concienciación e preparación das autoridades competentes e dos avicultores en canto aos riscos desta enfermidade.

b) As medidas mínimas de loita que se deben aplicar fronte a un foco de influenza aviaria en aves de curral ou outras aves cativas e para a detección temperá da posible propagación dos virus da influenza aviaria aos mamíferos.

c) Outras medidas subsidiarias tendentes a evitar a propagación do virus da influenza aviaria a outras especies.

2. O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo das medidas adicionais que poidan adoptar as autoridades competentes ou a Comisión Interministerial Permanente para o seguimento da gripe aviaria, no seguimento e control das aves ou outros animais silvestres.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos do previsto neste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Aves de curral: todas as aves que se crían ou teñen en cativeiro co obxecto de producir carne ou ovos destinados ao consumo, así como para producir outros produtos, repoboar poboacións de aves de caza ou para calquera programa de reprodución destas categorías de aves.

b) Outras aves cativas: calquera ave distinta das de curral que se ten en cativeiro por razóns distintas das expostas na alínea a) deste punto, incluídas aquelas que se teñen para mostras, carreiras, exposicións, concursos, reprodución ou venda.

c) Aves de curral ou outras aves cativas sospeitosas de estaren infectadas: calquera ave de curral ou outras aves cativas que presenten signos clínicos, lesións post mortem ou reaccións ás análises de laboratorio que non permitan descartar a influenza aviaria.

d) Aves silvestres: as aves que viven en liberdade e non nunha explotación, tal como esta se define na alínea m) deste punto.

e) Pitos dun día: todas as aves de curral de menos de 72 horas de idade, aínda non alimentadas, e os parrulos crioulos (*Cairina moschata*) ou os seus cruzamentos, de menos de 72 horas de idade, alimentados ou non.

f) Manda: todas as aves de curral ou outras aves cativas dunha soa unidade de produción.

g) Razas protexidas rexistradas oficialmente de aves de curral ou outras aves cativas: as aves de curral ou outras aves cativas que as autoridades competentes recoñecen oficialmente como pertencentes a razas protexidas no plan de intervención indicado no artigo 61.

h) Mamífero: un animal da clase Mammalia, con excepción dos humanos.

i) Cadáveres: as aves de curral ou outras aves cativas que morresen ou as matasen, ou partes delas, e que non sexan aptas para o consumo humano.

j) Eliminación: a recollida, o transporte, o almacenamento, a manipulación, a transformación e a utilización ou a destrución dos subprodutos animais de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, e o Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano ou, de ser o caso, as medidas que ao respecto adopte a Comisión Europea.

k) Matanza: todo procedemento distinto do sacrificio que conduza á morte dun mamífero, dunha ave de curral ou doutra ave cativa.

Sacrificio: todo procedemento que conduza á morte dun mamífero ou dunha ave por sangrado, destinado ao consumo humano.

l) Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria: o previsto no artigo 27 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

m) Explotación: toda instalación agrícola ou outra, incluídas incubadoras, circos, zoolóxicos, paxararías, mercados de aves ou aviarios, na cal se crían ou se teñen aves de curral ou outras aves cativas. Non obstante, esta definición non inclúe os matadoiros, os medios de transporte, as instalacións e centros de corentena, os postos de inspección fronteirizos e os laboratorios autorizados polas autoridades competentes para conservar virus de influenza aviaria.

n) Explotación comercial de aves de curral: a explotación en que se teñen aves de curral con fins comerciais.

ñ) Explotación de contacto: a explotación desde a cal a influenza aviaria poida ter chegado ou na cal se poida ter introducido como resultado da súa localización, do movemento de persoas, aves de curral ou outras aves cativas, ou vehículos, ou de calquera outra forma.

o) Explotación non comercial: a explotación na cal os propietarios das aves de curral ou outras aves cativas as teñen ben para consumo persoal ou para uso propio ou ben como animais de compañía.

p) Compartimento de aves de curral ou compartimento doutras aves cativas: explotacións de aves de curral ou doutras aves cativas, que forman parte dun sistema común de xestión da biosegurança e teñen unha subpoboación de aves de curral ou outras aves cativas cunha situación sanitaria particular con respecto á influenza aviaria, suxeita ás correspondentes medidas de vixilancia, control e biosegurança.

q) Unidade de produción: parte dunha explotación que o veterinario oficial considera totalmente independente de calquera outra desá explotación, polo que respecta á súa localización e á xestión diaria das aves de curral ou doutras aves cativas dela.

r) Foco: unha explotación en que as autoridades competentes confirmaron a presenza de influenza aviaria.

s) Foco primario: un foco sen relación epidemiolóxica con outro anterior na mesma provincia, ou o primeiro foco noutra provincia.

t) Sospeita de foco: explotación en que as autoridades competentes sospeitan a presenza da influenza aviaria.

o) Influenza aviaria: calquera das infeccións de influenza descritas no anexo I.1.

Influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP): calquera das infeccións de influenza aviaria descritas no anexo I.2.

Influenza aviaria de baixa patoxenicidade (IABP): calquera das infeccións de influenza aviaria descritas no anexo I.3.

v) Diferenciación dos animais infectados e dos animais vacinados (estratexia DIVA): unha estratexia de vacinación que permite diferenciar os animais vacinados/infectados dos vacinados/non infectados mediante a detección de anticorpos contra o virus de campo e o recurso a aves sentinela non vacinadas.

w) Manual de diagnóstico: o aprobado mediante a Decisión 2006/437/CE da Comisión, do 4 de agosto de 2006, pola que se aproba un manual de diagnóstico da

gripe aviaria, conforme o disposto na Directiva 2005/94/CE do Consello.

x) Propietario: calquera persoa ou persoas, físicas ou xurídicas, que posúan aves de curral ou outras aves cativas ou se ocupen de telas, tanto se é con fins comerciais coma se non.

y) Supervisión oficial: as accións emprendidas polas autoridades competentes para verificar que se cumpren ou se cumpriron os requisitos deste real decreto e de calquera outra instrución que ditasen as devanditas autoridades en relación a como se deben cumprir os devanditos requisitos.

z) Vixilancia oficial: o seguimento minucioso polas autoridades competentes da situación sanitaria das aves de curral e doutras aves cativas ou mamíferos dunha explotación en relación coa influenza aviaria.

CAPÍTULO II

Bioseguranza preventiva, vixilancia, notificacións e enquisas epidemiolóxicas

Artigo 3. *Bioseguranza preventiva e programas de vixilancia.*

1. As autoridades competentes levarán a cabo programas de vixilancia co obxecto de:

a) Coñecer a prevalencia das infeccións polos subtipos H5 e H7 do virus da influenza aviaria en distintas especies de aves de curral, de acordo coas directrices que aprobe para o efecto a Comisión Europea.

b) Contribuír, baseándose nunha avaliación de riscos actualizada periodicamente, a coñecer os perigos que representan os animais silvestres con respecto a calquera virus da influenza aviaria nas aves.

2. Así mesmo, deberanse aplicar as disposicións específicas relativas á bioseguranza preventiva, que estableza a Comisión Europea.

Artigo 4. *Notificación.*

1. A presenza ou a sospeita da presenza de influenza aviaria deberáselles notificar obrigatoriamente e de inmediato ás autoridades competentes.

2. Sen prexuízo do previsto no Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación, as autoridades competentes notificaránlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o seu envío por este á Comisión Europea, a información e os datos previstos no anexo II de calquera caso de influenza aviaria confirmado polas autoridades competentes en matadoiros, medios de transporte, postos de inspección fronteirizos e outros puntos das fronteiras comunitarias, así como en instalacións e centros de corentena que operan de conformidade coa normativa comunitaria en materia de importación de aves de curral ou outras aves cativas. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dará traslado ao Ministerio de Sanidade e Consumo da información correspondente.

3. Así mesmo, as autoridades competentes notificarán os resultados de toda vixilancia relativa ao virus da influenza aviaria efectuada en mamíferos.

Artigo 5. *Enquisa epidemiolóxica.*

1. As enquisas epidemiolóxicas darán comezo sobre a base de cuestionarios, establecidos no marco dos plans de intervención previstos no artigo 61.

2. Nas enquisas epidemiolóxicas investigarase como mínimo o seguinte:

a) Durante canto tempo puido existir influenza aviaria na explotación, noutras instalacións ou en medios de transporte.

b) A posible orixe da influenza aviaria.

c) A identificación de toda explotación de contacto.

d) Os desprazamentos de aves de curral, outras aves cativas, persoas, mamíferos, vehículos ou calquera material ou outro medio a través do cal se puido propagar o virus da influenza aviaria.

3. As autoridades competentes terán en conta a enquisa epidemiolóxica para decidir se é preciso aplicar medidas complementarias de loita contra a enfermidade, de conformidade con este real decreto, ou ao autorizar excepcións de conformidade co previsto nesta norma.

4. Se dos resultados da enquisa epidemiolóxica se desprender que a influenza aviaria se puido propagar desde outros ou cara a outros Estados membros, os resultados completos da enquisa comunicaránse sen demora ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o seu traslado inmediato por este á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

CAPÍTULO III

Sospeita de foco

Artigo 6. *Medidas que se aplicarán nas explotacións en caso de sospeita de foco.*

1. En caso de sospeita de foco as autoridades competentes porán inmediatamente en marcha unha investigación, de conformidade co manual de diagnóstico, para confirmar ou descartar a presenza de influenza aviaria, e a explotación quedará baixo vixilancia oficial. As autoridades competentes velarán así mesmo por que se cumpren as medidas establecidas nos puntos 2 e 3.

2. As autoridades competentes velarán por que na explotación se apliquen as seguintes medidas:

a) Contarase, ou, de ser o caso calcularase, o número de aves de curral por tipos, doutras aves cativas por especies ou familias taxonómicas, e de todos os mamíferos domésticos.

b) Establecerase unha lista, categoría por categoría, do número aproximado de aves de curral, doutras aves cativas e de todos os mamíferos da explotación xa afectados pola enfermidade, mortos ou sospeitosos de estar infectados; esta lista actualizarase cada día, para ter en conta os ovos para incubar postos, os nacementos e as mortes que se producen durante todo o período da sospeita de foco, e terase á disposición das autoridades competentes.

c) Encerraranse todas as aves de curral e outras aves cativas no interior das naves da explotación, onde permanecerán. Cando non sexa viable ou en caso de que o seu benestar se vexa comprometido, confinaranse noutro lugar da mesma explotación no cal non poidan ter contacto con outras aves de curral ou outras aves cativas doutras explotacións. Deberanse tomar todas as medidas razoables para reducir ao máximo o contacto con aves silvestres.

d) Ningunha ave de curral ou outra ave cativa poderá saír da explotación.

e) Non se poderán sacar da explotación cadáveres de aves de curral ou outras aves cativas, carne de aves de curral, incluídos os miúdos («carne de aves de curral»), pensos de aves de curral («pensos»), utensilios,

materiais, desperdicios, dexecións, o esterco de aves de curral e outras aves cativas («esterco»), xurro, estrume usado nin nada que poida transmitir a influenza aviaria, sen a autorización das autoridades competentes, en cumprimento das medidas de bioseguranza oportunas, de forma que se reduza ao máximo o risco de propagación da enfermidade.

f) Non se poderán sacar ovos da explotación.

g) Todo desprazamento de persoas, mamíferos, vehículos e equipamento cuxo destino ou orixe sexa a explotación, estará suxeito ás condicións e á autorización establecidas polas autoridades competentes ou, no caso de persoas, na forma e nas condicións previstas no artigo 17.1.e) da Lei 8/2003, do 24 de abril.

h) Nas entradas e saídas das naves onde se aloxen as aves de curral ou outras aves cativas, así como nas da explotación en si, utilizaranse medios adecuados de desinfección, de conformidade coas instrucións das autoridades competentes.

3. As autoridades competentes velarán por que se leve a cabo unha enquisa epidemiolóxica segundo o disposto no artigo 5.

4. Non obstante o disposto no punto 1, as autoridades competentes poderán dispoñer a toma de mostras en explotacións noutros casos. Nestas circunstancias, as autoridades competentes poderán actuar sen necesidade de adoptar algunhas ou todas as medidas a que se refire o punto 2.

Artigo 7. Excepcións a algunhas medidas que se aplicarán nas explotacións con sospeita de foco.

1. As autoridades competentes poderán autorizar excepcións ás medidas previstas nas alíneas c), d) e e) do artigo 6.2, baseándose nunha avaliación do risco e tendo en conta as precaucións tomadas e o destino das aves e dos produtos que se deban desprazar.

2. As autoridades competentes tamén poderán autorizar:

a) Excepcións das medidas previstas no artigo 6.2.h) no caso doutras aves cativas aloxadas en explotacións non comerciais.

b) Polo que respecta ao artigo 6.2.f), o envío de ovos:

1.º Directamente a un establecemento de elaboración de ovoprodutos conforme o disposto no capítulo II da sección X do anexo III do Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, para ser manipulados e tratados de conformidade co capítulo XI do anexo II do Regulamento (CE) número 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios. Cando as autoridades competentes emitan tal autorización, farano segundo as condicións establecidas no anexo III deste real decreto.

2.º Para a súa eliminación.

Artigo 8. Duración das medidas.

As medidas que se deban aplicar en explotacións en caso de sospeita de foco, descritas no artigo 6, seguiranse aplicando ata que as autoridades competentes se aseguren de que a sospeita de presenza de influenza aviaria na explotación queda excluída.

Artigo 9. Medidas complementarias baseadas nunha enquisa epidemiolóxica.

1. Sobre a base dos resultados preliminares dunha enquisa epidemiolóxica, a autoridade competente poderá aplicar as medidas que se expoñen nos puntos 2, 3 e 4, en particular se a explotación está situada nunha zona de alta densidade de aves de curral.

2. Poderanse establecer restricións temporais dos desprazamentos de aves de curral, doutras aves cativas, de ovos e vehículos utilizados polo sector avícola nunha zona determinada ou na totalidade do ámbito territorial competencial da autoridade competente. En caso de que a devandita zona abranga territorio de máis dunha comunidade autónoma, as autoridades competentes colaborarán para o establecemento e a aplicación das restricións. A devandita restrición poderase ampliar aos desprazamentos de mamíferos, pero en tal caso, sen exceder 72 horas, salvo xustificación.

3. Poderanse aplicar á explotación as medidas previstas no artigo 10. Non obstante, se as condicións o permiten, a aplicación de tales medidas poderase limitar ás aves de curral ou a outras aves cativas sospeitosas de estaren infectadas e ás súas unidades de produción.

Tomaranse mostras das aves de curral ou doutras aves cativas en caso de matalas, para poder confirmar ou descartar unha sospeita de foco, segundo o estipulado no manual de diagnóstico.

4. Poderase establecer unha zona temporal de control en torno á explotación, como tamén se poderán aplicar, en caso necesario, todas ou algunhas das medidas previstas no artigo 6.2 ás explotacións desa zona. En caso de que a devandita zona abranga territorio de máis dunha comunidade autónoma, as autoridades competentes colaborarán para o establecemento e a aplicación das medidas na citada zona temporal.

CAPÍTULO IV

Influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP)

SECCIÓN 1.ª EXPLOTACIÓNS

Artigo 10. Medidas que se deberán aplicar nas explotacións con focos confirmados.

1. En caso de foco de IAAP, as autoridades competentes velarán por que se apliquen as medidas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 6 e neste artigo.

2. Todas as aves de curral e outras aves cativas da explotación se matarán inmediatamente, baixo supervisión oficial. A matanza levarase a cabo de modo que se evite o risco de propagación da influenza aviaria, en particular durante o transporte.

Non obstante, as autoridades competentes poderán autorizar excepcións para que non se maten certas especies de aves de curral e outras aves cativas, sobre a base dunha avaliación do risco de propagación da influenza aviaria.

As autoridades competentes poderán tomar as medidas oportunas para limitar toda posibilidade de propagación da influenza aviaria ás aves silvestres da explotación.

3. Todos os cadáveres e ovos da explotación se eliminarán baixo supervisión oficial.

As aves de curral que nacesen de ovos recollidos da explotación no período transcorrido entre a data probable de introdución da IAAP na explotación e a aplicación das medidas previstas no artigo 6.2, quedarán baixo supervisión oficial e serán estudadas segundo o establecido no manual de diagnóstico.

Sempre que sexa posible, a carne de aves de curral sacrificadas e os ovos recollidos da explotación no período transcorrido entre a data probable de introdución da IAAP na explotación e a aplicación das medidas previstas no artigo 6.2, localizaranse e eliminaranse baixo supervisión oficial.

4. Todas as substancias e desperdicios que poidan estar contaminados, como os pensos, se destruírán ou someterán a un tratamento que garanta a destrución dos virus da influenza aviaria, de acordo coas instrucións do veterinario oficial.

Non obstante, o esterco, os xurros e o estrume que poidan estar contaminados someteranse a un ou máis dos procedementos previstos no artigo 51.

Tras a eliminación dos cadáveres, todas as naves en que se aloxasen as aves de curral ou outras aves cativas, os pastos ou terreos, os vehículos utilizados para o seu transporte ou o dos seus cadáveres, carne, pensos, esterco, xurros, estrume e calquera outro material ou substancia que poida estar contaminado, someteranse a un ou máis dun dos procedementos previstos no artigo 51.

5. Ningunha outra ave cativa ou mamífero entrará ou sairá da explotación sen autorización das autoridades competentes. Esta restrición non se aplicará aos mamíferos que só teñan acceso ás zonas destinadas á vivenda de persoas.

6. En caso de foco primario, a cepa clínica do virus someterase aos procedementos de laboratorio establecidos no manual de diagnóstico para identificar o subtipo xenético. A cepa presentarase o antes posible ao laboratorio nacional de referencia para o seu envío por este ao laboratorio comunitario de referencia a que se refire o artigo 54.1.

Artigo 11. *Excepcións xerais.*

1. O Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, de acordo coas súas competencias, acordará regras detalladas para a autorización de excepcións polas autoridades competentes, no sentido dos artigos 10.2, 12 e 13 que conterán medidas e condicións alternativas apropiadas. As devanditas excepcións basearase nunha avaliación de riscos realizada polas autoridades competentes.

2. As autoridades competentes comunicaranlle de inmediato ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o seu posterior traslado por este sen demora á Comisión Europea, calquera excepción autorizada de conformidade co artigo 12.1 e co artigo 13.

Artigo 12. *Excepcións relativas a determinadas explotacións.*

1. As autoridades competentes poderán autorizar excepcións ás medidas establecidas no primeiro parágrafo do artigo 10.2, en casos de foco de IAAP nunha explotación non comercial, un circo, un zoolóxico, unha paxararía, un parque de animais silvestres, unha zona cercada onde se manteñan as aves de curral ou outras aves cativas con fins científicos ou relacionados coa conservación de especies en perigo ou de razas protexidas rexistradas oficialmente, sempre que non se poñan en perigo as medidas de control da enfermidade.

2. As autoridades competentes velarán por que cando se autorice unha excepción, no sentido do punto 1, as aves de curral ou outras aves cativas ás cales se lles aplique a excepción:

a) Se leven ao interior dunha nave da explotación, onde permanecerán. Cando non sexa viable ou en caso de que o seu benestar se vexa comprometido, confina-

ranse noutro lugar da mesma explotación no cal non poidan ter contacto con outras aves de curral ou outras aves cativas doutras explotacións.

Deberanse tomar todas as medidas razoables para reducir ao máximo o contacto con aves silvestres.

b) Sexan sometidas a vixilancia e a probas, segundo o indicado no manual de diagnóstico, e non sexan desprazadas a outro lugar ata que as análises de laboratorio indiquen que xa non constitúen un risco significativo de propagación da IAAP.

c) E non se despracen da súa explotación de orixe, salvo para ser sacrificadas ou para o seu traslado a outra explotación situada:

1.º Dentro do territorio nacional, de conformidade coas instrucións das autoridades competentes de destino.

2.º Ou noutro Estado membro, logo de acordo do Estado membro de destino.

3.º As autoridades competentes poderán autorizar excepcións con relación ás medidas previstas no último parágrafo do artigo 10.3, para o envío directo de ovos a un establecemento de elaboración de ovoprodutos conforme o disposto no capítulo II da sección X do anexo III do Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, para seren manipulados e tratados conforme o disposto no capítulo XI do anexo II do Regulamento (CE) número 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

As devanditas autorizacións estarán suxeitas ás condicións establecidas no anexo III deste real decreto.

Artigo 13. *Medidas que se aplicarán en caso de focos de IAAP en unidades de produción independentes.*

En caso de que apareza un foco de IAAP nunha explotación con dúas ou máis unidades de produción independentes, as autoridades competentes poderán autorizar excepcións ás medidas que figuran no primeiro parágrafo do artigo 10.2 para as unidades de produción con aves de curral ou outras aves cativas nas cales non se presuma presenza de IAAP sempre que non poñan en perigo as medidas de loita contra a enfermidade.

Tales excepcións só se autorizarán para dúas ou máis unidades de produción independentes cando o veterinario oficial, tendo en conta a estrutura, o tamaño, a operación, o tipo de aloxamento, a alimentación, a fonte de auga, o equipo, o persoal e os visitantes dos locais, considere que as devanditas unidades de produción son completamente independentes doutras en canto á súa situación e á xestión diaria das súas aves de curral ou doutras aves cativas.

Artigo 14. *Medidas que se aplicarán nas explotacións de contacto.*

1. Sobre a base da enquisa epidemiolóxica, as autoridades competentes decidirán se unha explotación se debe considerar explotación de contacto.

As autoridades competentes velarán por que se lles apliquen ás explotacións de contacto as medidas establecidas no artigo 6.2, ata que, seguindo o manual de diagnóstico, se descarte a IAAP.

2. Sobre a base da enquisa epidemiolóxica, as autoridades competentes poderán aplicar ás explotacións de contacto as medidas consideradas no artigo 10, en particular se a explotación de contacto está situada nunha zona de alta densidade de aves de curral, en función dos criterios previstos no anexo IV.

3. As autoridades competentes velarán por que se tomen mostras das aves de curral e doutras aves cativas ao matalas, para poder confirmar ou descartar a presenza de virus da IAAP nesas explotacións de contacto, segundo o estipulado no manual de diagnóstico.

4. As autoridades competentes velarán por que naquelas explotacións en que se matasen e eliminasen aves de curral ou outras aves cativas e nas cales se confirme posteriormente a presenza de influenza aviaria, se sometan a un ou máis dos procedementos previstos no artigo 51 todas as naves e o equipamento que poidan estar contaminados, os vehículos utilizados para o transporte de aves de curral, outras aves cativas, os seus cadáveres, a carne, os pensos, o esterco, xurro, estrume e calquera outro material ou substancia que poida estar contaminado.

SECCIÓN 2.^a ZONAS EN CASO DE FOCOS DE IAAP

Artigo 15. *Establecemento de zonas en caso de focos de IAAP.*

1. Inmediatamente despois da aparición dun foco de IAAP, as autoridades competentes establecerán:

- a) Unha zona de protección cun raio mínimo de 3 quilómetros en torno á explotación.
- b) Unha zona de vixilancia cun raio mínimo de 10 quilómetros en torno á explotación, que englobe a zona de protección.

2. Se o foco de IAAP se confirmase noutras aves de explotacións comerciais, circos, zoolóxicos, paxararías, parques de animais silvestres, zonas cercadas onde se manteñan outras aves cativas con fins científicos ou relacionados coa conservación de especies en perigo ou de razas protexidas rexistradas oficialmente, e sempre que non se poñan en perigo as medidas de control da enfermidade, as autoridades competentes poderán, logo de avaliación do risco, establecer excepcións na medida do necesario ás disposicións das seccións 2.^a a 4.^a deste capítulo relativas ás zonas de protección, ás zonas de vixilancia e ás medidas que se deban aplicar para iso, sempre e cando as ditas excepcións non poñan en perigo o control da enfermidade.

3. Ao estableceren as zonas de protección e de vixilancia mencionadas no punto 1, as autoridades competentes terán en conta, como mínimo, os seguintes criterios:

- a) A enquisa epidemiolóxica.
- b) A situación xeográfica e, en particular, as fronteiras naturais.
- c) A localización e a proximidade das explotacións e o número estimado de aves de curral.
- d) Os patróns dos desprazamentos e do comercio das aves de curral e outras aves cativas.
- e) As instalacións e o persoal dispoñible para controlar, nas zonas de protección e de vixilancia, os desprazamentos das aves de curral ou doutras aves cativas, os seus cadáveres, o esterco ou o estrume, especialmente se as aves de curral ou outras aves cativas que se deben matar e eliminar se van desprazar da súa explotación de orixe.

4. As autoridades competentes poderán establecer outras zonas restrinxidas arredor das de protección e vixilancia, ou adxacentes a elas, sobre a base dos criterios expostos no punto 3.

5. En caso de que unha zona de protección, vixilancia ou outra zona restrinxida inclúa territorio de máis dunha comunidade autónoma, as autoridades compe-

tentes colaborarán para o establecemento e aplicación das medidas.

Así mesmo, se unha zona de protección, vixilancia ou outra zona restrinxida inclúe partes do territorio de Francia, Portugal ou Andorra, a autoridade competente notificaralle esta circunstancia ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para os efectos de que se poida establecer co Estado ou Estados que poidan resultar afectados a oportuna colaboración no establecemento da devandita zona.

Artigo 16. *Medidas que se aplicarán nas zonas de protección e de vixilancia.*

1. As autoridades competentes velarán por que nas zonas de protección e de vixilancia se apliquen as seguintes medidas:

- a) Que existan disposicións que fagan posible o seguimento de todo aquilo que poida propagar o virus da influenza aviaria, entre outros, as aves de curral, outras aves cativas, a súa carne, ovos, cadáveres, pensos e estrume, as persoas que estiveron en contacto con aves de curral ou outras aves cativas infectadas ou os vehículos utilizados polo sector das aves de curral.
- b) Os propietarios presentaranlles ás autoridades competentes, por petición destas, toda información pertinente relativa ás aves de curral ou a outras aves cativas e aos ovos que entren á explotación ou saian dela.

2. As autoridades competentes tomarán todas as medidas razoables para velar por que todas as persoas das zonas de protección e de vixilancia afectadas sexan plenamente conscientes das restricións impostas.

A devandita información poderase presentar mediante carteis anunciadores, en medios de comunicación como prensa e televisión ou calquera outra vía apropiada.

3. Cando existan datos epidemiolóxicos ou outras probas que así o aconsellen, as autoridades competentes poderán executar un programa preventivo de erradicación que inclúa o sacrificio ou a matanza preventivos de aves de curral ou doutras aves cativas pertencentes a explotacións e zonas de risco.

4. As autoridades competentes que apliquen as medidas previstas no punto 3 informarán inmediatamente diso o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este o traslade á Comisión Europea.

SECCIÓN 3.^a MEDIDAS NAS ZONAS DE PROTECCIÓN

Artigo 17. *Censo, visitas do veterinario oficial e vixilancia.*

As autoridades competentes velarán por que nas zonas de protección se apliquen, polo menos, as seguintes medidas:

- a) Elaborarase o antes posible un censo de todas as explotacións.
- b) Todas as explotacións comerciais recibirán a visita dun veterinario oficial o antes posible, para os efectos dunha exploración física das aves de curral e doutras aves cativas e, en caso necesario, para a recolla de mostras para a análise de laboratorio, de conformidade co manual de diagnóstico, reflectíndose por escrito estas visitas e os seus resultados.

As explotacións non comerciais recibirán a visita dun veterinario oficial antes de que se levante a zona de protección.

c) Procederase inmediatamente a reforzar a vixilancia, segundo o establecido no manual de diagnóstico,

para identificar calquera outra propagación da influenza aviaria nas explotacións situadas na zona de protección.

Artigo 18. *Medidas que se van aplicar nas explotacións nas zonas de protección.*

As autoridades competentes velarán por que nas explotacións situadas en zonas de protección se apliquen, polo menos, as seguintes medidas:

a) Encerraranse todas as aves de curral e outras aves cativas no interior das naves da explotación, onde permanecerán. Cando non sexa viable ou en caso de que o seu benestar se vexa comprometido, confinaranse noutro lugar da mesma explotación no cal non poidan ter contacto con outras aves de curral ou outras aves cativas doutras explotacións.

Tomaranse todas as medidas razoables para reducir ao máximo o contacto con outras aves silvestres;

b) Eliminaranse os cadáveres o antes posible.

c) Todos os vehículos e equipamentos utilizados para o transporte de aves de curral ou outras aves cativas vivas, carne, pensos, esterco, xurros, estrume e calquera outro material ou substancia que poida estar contaminado se someterán sen demora a un ou máis dos procedementos previstos no artigo 51.

d) Todos os compoñentes dos vehículos utilizados polo persoal ou outras persoas que entren ou saian das explotacións e que se puidesen ter contaminado se someterán sen demora a un ou máis dos procedementos previstos no artigo 51.

e) Ningunha ave de curral, nin outra ave cativa nin mamífero poderá entrar ou saír dunha explotación sen autorización das autoridades competentes. Esta restrición non se aplicará aos mamíferos que só teñan acceso ás zonas destinadas á vivenda de persoas en que:

1.º Non teñan contacto ningún coas aves de curral ou con outras aves cativas da explotación.

2.º E non teñan acceso a ningunha das gaiolas ou zonas das aves de curral ou outras aves cativas da explotación.

f) Comunicaráselles inmediatamente todo aumento da morbilidade ou a mortalidade ou toda diminución significativa da produción nas explotacións ás autoridades competentes, que procederán á correspondente investigación, segundo o manual de diagnóstico.

g) Toda persoa que entre ou saia das explotacións observará as medidas apropiadas de bioseguraza, para evitar a propagación da influenza aviaria.

h) O titular da explotación levará un rexistro de todos os seus visitantes, con excepción da vivenda, para facilitar a vixilancia e a loita contra a enfermidade, e porao á disposición das autoridades competentes por petición destas. Os devanditos rexistros non se deberán levar cando se trate de visitantes a explotacións tales como zoolóxicos e parques de animais silvestres nos cales non teñan acceso ás zonas en que se garden as aves.

Artigo 19. *Prohibición de retirar ou esparexer estrume usado, esterco ou xurros.*

As autoridades competentes velarán por que se prohiba retirar ou esparexer o estrume usado, o esterco ou os xurros das explotacións situadas en zonas de protección, salvo que o autoricen expresamente.

Non obstante, poderase autorizar a desprazar esterco ou xurros, aplicando medidas de bioseguraza, desde as explotacións ata unha planta de tratamento designada, ou ata un punto de almacenamento intermedio para o seu ulterior tratamento que elimine a posible presenza

de virus da influenza aviaria, de conformidade co Regulamento (CE) número 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, ou, de ser o caso, de acordo coas normas específicas que poida adoptar para o efecto a Comisión Europea.

Artigo 20. *Feiras, mercados e demais concentracións de gando, e reposición das existencias de caza.*

Nas zonas de protección queda prohibido celebrar feiras, mercados, exposicións e demais concentracións de aves de curral ou doutras aves cativas, así como liberar nas zonas de protección aves de curral ou outras aves cativas destinadas á repoboación de zonas de caza.

Artigo 21. *Prohibición de desprazamentos e transporte.*

1. Nas zonas de protección queda prohibido:

a) Os desprazamentos e o transporte desde as explotacións por estrada, excluídas as vías de servizo privadas das explotacións, ou por ferrocarril, de aves de curral, outras aves cativas, galiñas para a posta, pitos dun día, ovos e cadáveres.

b) O transporte de carne de aves de curral desde os matadoiros, salas de despezamento e cámaras frigoríficas a non ser que:

1.º Se trate de aves de curral orixinarias de fóra das zonas de protección e almacenadas e transportadas por separado da carne de aves de curral procedente do interior das zonas de protección.

2.º O traslado se realizase nunha data polo menos 21 días anterior á data estimada da infección máis temperá nunha explotación da zona de protección e que desde a súa produción se almacenase e transportase por separado da carne producida despois desa data.

2. Non obstante, as prohibicións indicadas no punto anterior non se aplicarán ao tránsito a través da zona de protección por estrada ou ferrocarril sen descarga nin paradas.

Artigo 22. *Excepcións para o transporte directo de aves de curral para o seu sacrificio.*

Malia o disposto no artigo 21, as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de aves de curral procedentes dunha explotación situada na zona de protección ata un matadoiro designado para o seu sacrificio inmediato, nas seguintes condicións:

a) O veterinario oficial procederá á exploración física das aves da explotación de orixe no prazo das 24 horas anteriores ao envío ao sacrificio.

b) Cando proceda, teranse realizado análises de laboratorio das aves de curral da explotación de orixe, segundo indica o manual de diagnóstico, que terán dado resultados favorables.

c) As aves de curral transportaranse en vehículos precintados polas autoridades competentes ou baixo a súa supervisión.

d) As autoridades competentes responsables do matadoiro designado serán informadas do envío e consentirán en recibir estas aves de curral, e posteriormente confirmaránlles o sacrificio destas ás autoridades competentes do lugar do envío.

e) As aves de curral procedentes da zona de protección manteranse illadas doutras aves de curral e sacrificaranse por separado, ou noutros momentos, de preferencia ao final da xornada de traballo, procedéndose a

continuación á limpeza e desinfección, antes de sacrificar outras aves.

f) O veterinario oficial asegurase de que se realice unha exploración minuciosa das aves de curral no matadoiro designado cando estas cheguen ao matadoiro e unha vez sacrificadas.

g) Esta carne non se destinará nin ao comercio intracomunitario nin se exportará e levará o selo de inspección veterinaria destinado á carne previsto no anexo II do Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, salvo decisión contraria adoptada pola Comisión Europea de acordo co procedemento correspondente.

h) A carne obterase, cortarase, transportarase e almacenarase por separado da destinada ao comercio intracomunitario e internacional, e utilizarase de modo que se evite a súa introdución en produtos cárnicos destinados ao comercio intracomunitario ou internacional a menos que:

1.º Se sometese a un tratamento segundo o establecido no anexo III do Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro.

2.º Fose adoptada unha decisión específica ao respecto pola Comisión Europea.

Artigo 23. *Excepcións para o desprazamento ou tratamento da carne de ave de curral.*

Non obstante o disposto no artigo 21, as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de aves de curral procedentes do exterior da zona de protección ata un matadoiro designado dentro da zona de protección para o seu sacrificio inmediato ou o desprazamento posterior da carne procedente das devanditas aves de curral sempre que:

a) As autoridades competentes responsables do matadoiro designado sexan informadas do envío e consintan en recibir estas aves de curral, e posteriormente lles confirmen o sacrificio destas ás autoridades competentes do lugar do envío.

b) As aves de curral procedentes da zona de protección se manteñan illadas doutras aves de curral e se sacrifiquen por separado ou noutros momentos.

c) A carne obtida se corte, se transporte e se almacene por separado da procedente doutras aves de curral orixinarias da zona de protección.

d) Se eliminen os desperdicios.

Artigo 24. *Excepcións para o transporte directo de pitiños dun día.*

1. Malia o disposto no artigo 21, as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de pitiños dun día orixinarios de explotacións situadas dentro da zona de protección ata unha explotación ou nave dunha explotación situada en España, situada preferentemente fóra das zonas de protección e vixilancia, nas seguintes condicións:

a) Os animais transportarase en vehículos precintados polas autoridades competentes ou baixo a súa supervisión.

b) Aplicaranse as correspondentes medidas de bioseguraza durante o transporte e na explotación de destino.

c) A explotación de destino quedará baixo control oficial a partir da chegada dos pitiños dun día.

d) Se se trasladaren fóra da zona de protección ou de vixilancia, as aves de curral permanecerán nas instalacións de destino durante 21 días como mínimo.

2. Non obstante o disposto no artigo 21, as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de pitiños dun día nacidos de ovos procedentes de explotacións situadas fóra das zonas de protección e vixilancia ata outras explotacións situadas en España, situadas preferentemente fóra das zonas de protección e de vixilancia, sempre que a incubadora de envío garanta, pola súa loxística e as condicións de hixiene do seu traballo, que non houbo contacto entre eses ovos e outros ovos para incubar ou pitiños dun día procedentes de mandas de aves de tales zonas, polo que teñen unha situación sanitaria diferente.

Artigo 25. *Excepcións para o transporte directo de galiñas para a posta.*

Non obstante o disposto no artigo 21, as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de galiñas procedentes da zona de protección, para a posta nunha explotación ou nave dunha explotación na cal non haxa outras aves, situada preferentemente na zona de protección ou de vixilancia, nas seguintes condicións:

a) O veterinario oficial procederá á exploración física das aves e doutras aves cativas da explotación de orixe, en particular das que se vaian desprazar.

b) Cando proceda, teranse realizado análises de laboratorio das aves da explotación de orixe, segundo indica o manual de diagnóstico, que terán dado resultados favorables.

c) As galiñas para a posta transportarase en vehículos precintados polas autoridades competentes ou baixo a súa supervisión.

d) A explotación ou a nave de destino quedará baixo control oficial a partir da chegada das galiñas para a posta.

e) Se se trasladaren fóra da zona de protección ou de vixilancia, as aves de curral permanecerán nas instalacións de destino durante 21 días como mínimo.

Artigo 26. *Excepcións para o transporte directo de ovos.*

1. Malia o disposto no artigo 21, as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de ovos para incubar, ben desde calquera explotación ata unha incubadora situada na zona de protección que elas designasen (en diante a incubadora designada), ou ben nas seguintes condicións, desde unha explotación situada na zona de protección ata calquera incubadora designada:

a) As mandas das cales proceden os ovos para incubar terán sido sometidas a exame, de conformidade co manual de diagnóstico, e non se presumirá presenza de influenza aviaria na devandita explotación.

b) Os ovos para incubar e a súa embalaxe teranse desinfectado antes do seu envío e estará garantida a súa rastrexabilidade.

c) Os ovos para incubar transportarase en vehículos precintados polas autoridades competentes ou baixo a súa supervisión.

d) Na incubadora designada aplicaranse medidas de bioseguraza segundo as instrucións das autoridades competentes.

2. Non obstante o disposto no artigo 21, as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de ovos:

a) A un centro de embalaxe por elas designado (a partir deste momento o centro de embalaxe designado) sempre que vaian en embalaxes desbotables e que se apliquen todas as medidas de bioseguranza exixidas polas autoridades competentes.

b) A un establecemento de elaboración de ovoprodutos conforme o disposto no capítulo II da sección X do anexo III do Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, para seren manipulados e tratados de conformidade co capítulo XI do anexo II do Regulamento (CE) número 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

c) Ou para a súa eliminación.

Artigo 27. *Excepción para o transporte directo de cadáveres.*

Non obstante o disposto no artigo 21, as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de cadáveres para a súa eliminación de acordo coas regras detalladas previstas no artigo 11.1.

Artigo 28. *Limpeza e desinfección dos medios de transporte.*

Sen prexuízo do previsto no Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro, as autoridades competentes velarán por que os vehículos e os equipamentos utilizados para o transporte previsto nos artigos 22 a 27 se limpen e desinfecten sen demora despois do transporte mediante un ou varios dos procedementos establecidos no artigo 51.

Artigo 29. *Duración das medidas.*

1. As medidas establecidas nesta sección mantéranse durante 21 días como mínimo a partir da data en que rematen a limpeza e desinfección preliminares da explotación infectada, efectuadas mediante un ou varios dos procedementos establecidos no artigo 51, e ata que se analicen as explotacións situadas na zona de protección, segundo o indicado no manual de diagnóstico.

2. Cando xa non proceda manter as medidas recollidas nesta sección, como establece o punto 1 deste artigo, na antiga zona de protección aplicaranse as medidas establecidas nos artigos 30 e 31, ata que xa non proceda mantelas de acordo co artigo 32.

SECCIÓN 4.^a MEDIDAS NAS ZONAS DE VIXILANCIA

Artigo 30. *Medidas que se aplicarán nas zonas de vixilancia.*

As autoridades competentes velarán por que nas zonas de vixilancia se apliquen as seguintes medidas:

a) Elaborarase o antes posible un censo de todas as explotacións comerciais de aves de curral.

b) Prohibiranse os desprazamentos na zona de vixilancia de aves de curral, galiñas para a posta, pitos dun día e ovos, salvo autorización expresa das autoridades competentes, que velarán pola aplicación das correspondentes medidas de bioseguranza para evitar a propagación da influenza aviaria. Esta prohibición non se aplicará ao tránsito a través da zona de vixilancia por estrada ou ferrocarril, sen descarga nin paradas.

c) Prohibiranse os desprazamentos de aves de curral, galiñas para a posta, pitos dun día e ovos a explotacións, matadoiros ou centros de embalaxe ou establecementos de elaboración de ovoprodutos situados fóra da zona de vixilancia.

d) Toda persoa que entre ou saia das explotacións da zona de vixilancia observará as medidas apropiadas de bioseguranza destinadas a evitar a propagación da influenza aviaria.

e) Sen demora, despois da contaminación limpanse ou desinfectaranse, mediante algún ou algúns dos procedementos recollidos no artigo 51, todos os vehículos e equipamentos utilizados para o transporte de aves de curral, doutras aves cativas vivas, dos seus cadáveres, pensos, esterco, xurros, estrume usado e calquera outro material ou substancia que poida estar contaminado.

f) Ningunha ave de curral, outra ave cativa nin mamífero poderá entrar ou saír dunha explotación na cal se teñen aves de curral sen autorización das autoridades competentes. Esta restrición non se aplicará aos mamíferos que só teñan acceso ás zonas destinadas á vivenda de persoas en que:

1.º Non teñan contacto coas aves ou outras aves de curral ou outras aves cativas da explotación.

2.º Non teñan acceso a ningunha gaiola ou zona en que se garden as aves de curral ou outras aves cativas.

g) Comunicaráselles inmediatamente todo aumento da morbilidade ou a mortalidade ou toda diminución significativa da produción nas explotacións ás autoridades competentes, que procederán á correspondente investigación, segundo o manual de diagnóstico.

h) Prohibirase retirar ou espaxer o estrume usado, o esterco ou os xurros, salvo autorización expresa das autoridades competentes. Poderase autorizar desprazar esterco desde explotacións situadas na zona de vixilancia e sometidas a medidas de bioseguranza ata unha planta de tratamento designada, ou ata un punto de almacenamento intermedio para o seu ulterior tratamento que elimine a posible presenza de virus da influenza aviaria, de conformidade co Regulamento (CE) número 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002 ou, de ser o caso, coas normas específicas que adopte a Comisión Europea.

i) Prohibirase celebrar feiras, mercados, exposicións e demais concentracións de aves de curral ou outras aves cativas.

j) Non se porán en liberdade aves para repoboar zonas de caza.

Artigo 31. *Transporte directo de aves e ovos.*

Non obstante a prohibición prevista no artigo 30.c), as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de:

a) Aves de curral para o seu sacrificio inmediato nun matadoiro designado de conformidade coas alíneas a), b) e d) do artigo 22. As autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de aves de curral orixinais de fóra das zonas de protección e vixilancia para o seu sacrificio inmediato a un matadoiro designado no interior da zona de vixilancia, así como o posterior traslado da carne das devanditas aves sacrificadas.

b) Galiñas para a posta, ata unha explotación situada en España, na cal non haxa outras aves. A devandita explotación quedará baixo control oficial a partir da chegada das galiñas para a posta, e estas permanecerán nas explotacións de destino durante 21 días como mínimo.

c) Pitos dun día con destino a unha explotación ou nave dunha explotación situada en España, sempre que se apliquen as correspondentes medidas de bioseguraza, e que a explotación quede baixo control oficial despois do transporte e os pitos dun día permanezan nas explotacións de destino durante 21 días como mínimo, ou se naceron de ovos de incubación procedentes de explotacións de aves de curral situadas fóra das zonas de protección ou de vixilancia, a calquera outra explotación, sempre que a incubadora de envío garanta, pola súa loxística e as condicións de bioseguraza do seu traballo, que non houbo contacto entre eses ovos e outros ovos para incubación os pitos dun día procedentes de mandas de aves de tales zonas, polo que teñen unha situación sanitaria diferente.

d) Ovos de incubación a unha incubadora designada situada fóra ou dentro da zona de vixilancia. Os ovos e a súa embalaxe terán sido desinfectados antes do seu envío e estará garantida a súa rastrexabilidade.

e) Ovos de mesa a un centro de embalaxe designado, sempre que vaian en embalaxes desbotables e que se apliquen todas as medidas de bioseguraza exixidas.

f) Ovos a un establecemento de elaboración de ovoprodutos conforme o disposto no capítulo II da sección X do anexo III do Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, para seren manipulados e tratados de conformidade co capítulo XI do anexo II do Regulamento (CE) número 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, situado dentro ou fóra da zona de vixilancia.

g) Ovos para eliminación.

Artigo 32. *Duración das medidas.*

As medidas establecidas nesta sección manteranse durante 30 días como mínimo a partir da data en que rematen a limpeza e desinfección preliminares da explotación infectada, de conformidade co artigo 51.

SECCIÓN 5.^a MEDIDAS QUE SE APLICARÁN NOUTRAS ZONAS RESTRINXIDAS

Artigo 33. *Medidas que se aplicarán noutras zonas restrinxidas.*

1. As autoridades competentes poderán decidir a aplicación de todas ou algunhas das medidas das seccións 3.^a e 4.^a nas zonas restrinxidas previstas no artigo 15.4.

2. As autoridades competentes, cando existan datos epidemiolóxicos ou outras probas que así o aconsellen, poderán executar un programa preventivo de erradicación que inclúa o sacrificio ou a matanza preventivos de aves de curral ou outras aves cativas de explotacións e zonas de risco, conforme os criterios do anexo IV, situadas noutras zonas restrinxidas. A repoboación das aves destas explotacións levarase a cabo segundo as instrucións das autoridades competentes.

3. As autoridades competentes que apliquen as medidas previstas neste artigo informarán inmediatamente diso o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que este o traslade sen demora á Comisión Europea.

SECCIÓN 6.^a EXCEPCIÓNS E MEDIDAS DE BIOSEGURAZA

Artigo 34. *Excepcións.*

1. O Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, de acordo coas súas competencias, acordará as condicións detalladas conforme as cales poderán autorizar as excepcións dispostas nos artigos 15 e 22 ao 27, incluídas as condicións e medidas alternativas axeitadas. Tales excepcións basearanse nunha avaliación de risco efectuada polas autoridades competentes.

2. Sobre a base dunha avaliación do risco, as autoridades competentes poderán autorizar excepcións ás medidas dispostas nas seccións 3.^a e 4.^a en caso de confirmación da IAAP nunha incubadora.

3. As autoridades competentes poderán autorizar excepcións ás medidas establecidas nas alíneas b) e c) do artigo 17, no artigo 21 e nas alíneas b), c) e f) do artigo 30, en casos de foco de IAAP nunha explotación non comercial, un circo, un zoolóxico, un parque de animais silvestres, unha zona cercada onde se manteñan as aves de curral ou outras aves cativas con fins científicos ou relacionados coa conservación de especies en perigo ou de razas protexidas rexistradas oficialmente.

4. Non obstante o disposto nas seccións 3.^a e 4.^a, en casos de foco de IAAP, as autoridades competentes poderán, sobre a base dunha avaliación do risco, introducir medidas específicas para os desprazamentos de pombas mensaxeiras en, desde ou cara ás zonas de protección e de vixilancia.

5. As excepcións previstas nos puntos anteriores só se autorizarán cando non se poñan en perigo as medidas de control da enfermidade.

6. As autoridades competentes que autoricen excepcións de acordo con este artigo informarán diso inmediatamente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este o traslade sen demora á Comisión Europea.

Ningunha ave de curral, incluídos os pitos dun día, ou outras aves cativas, ovos para incubación, estrume usado, esterco ou xurros que procedan dunha instalación á cal se lle autorizase unha excepción conforme o disposto neste artigo se poderá comercializar ou mover fóra de España, salvo decisión expresa ao respecto da Comisión Europea.

Artigo 35. *Medidas de bioseguraza adicionais.*

Co fin de evitar a propagación da influenza aviaria, as autoridades competentes poderán ordenar, ademais das medidas previstas nas seccións 3.^a, 4.^a e 5.^a, a aplicación doutras medidas de bioseguraza nas explotacións das zonas de protección e vixilancia e nas demais zonas restrinxidas, así como en compartimentos de aves de curral ou compartimentos doutras aves cativas do territorio afectado.

Entre as devanditas medidas poderá figurar a restricción dos desprazamentos de vehículos ou de persoas para levar penso, recoller ovos, transportar aves aos matadoiros ou recoller os cadáveres para a súa eliminación, así como outros desprazamentos de persoal, veterinarios ou os que subministren equipamentos para a explotación dentro do marco previsto no artigo 17.1.e) da Lei 8/2003, do 24 de abril.

As autoridades competentes que apliquen as devanditas medidas informarán diso inmediatamente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este o traslade sen demora á Comisión Europea.

SECCIÓN 7.^a IAAP NOUTRAS INSTALACIÓNS OU MEDIOS
DE TRANSPORTE

Artigo 36. *Investigación dunha presunta IAAP en matadoiros e en medios de transporte.*

Cando se sospeite ou se confirme a IAAP en matadoiros ou medios de transporte, as autoridades competentes porán inmediatamente en marcha unha investigación na explotación de orixe das aves de curral ou outras aves cativas, seguindo o manual de diagnóstico, para confirmala ou descartala.

Artigo 37. *Medidas que se aplicarán nos matadoiros.*

1. Cando se sospeite ou se confirme a IAAP nun matadoiro, e sobre a base dunha avaliación do risco, as autoridades competentes velarán por que todas as aves de curral do matadoiro sexan sacrificadas ou matadas o antes posible baixo supervisión oficial.

Cando se sacrifiquen as devanditas aves de curral, a súa carne e calquera subproduto derivado delas, así como a carne e subprodutos de calquera outra ave de curral que se puido ter contaminado durante o sacrificio e o proceso de produción, gardaranse por separado e baixo supervisión oficial ata que conclúan as investigacións realizadas de conformidade co manual de diagnóstico.

2. Se se confirmar a IAAP, a carne das devanditas aves de curral e calquera subproduto derivado delas, así como a carne e subprodutos de calquera outra ave de curral que se puido ter contaminado durante o sacrificio e o proceso de produción, eliminarase o antes posible baixo supervisión oficial.

Artigo 38. *Medidas que se aplicarán nos postos de inspección fronteirizos ou nos medios de transporte.*

1. Cando se sospeite ou se confirme a IAAP en postos de inspección fronteirizos ou en medios de transporte, e sobre a base dunha avaliación do risco, as autoridades competentes velarán por que todas as aves de curral e outras aves cativas que se encontren no posto de inspección fronteirizo ou no medio de transporte sexan matadas, sacrificadas ou illadas das aves de curral ou doutras aves cativas e gardadas baixo supervisión oficial ata que se completase a investigación de conformidade co manual de diagnóstico. As autoridades competentes aplicarán as medidas dispostas no artigo 6 cando proceda.

As autoridades competentes poderán autorizar o traslado das aves de curral e doutras aves cativas a outro lugar para a súa matanza, o sacrificio ou illamento.

As autoridades competentes poderán decidir non matar ou sacrificar aquelas aves de curral ou outras aves cativas que se encontren no posto de inspección fronteirizo que non estivesen en contacto coas aves de curral ou outras aves cativas sospeitosas de estar infectadas.

2. Cando as aves de curral indicadas no punto 1 sexan sacrificadas, a súa carne e os seus subprodutos e a carne e subprodutos de calquera outra ave de curral que poida ter sido contaminada durante o sacrificio e o proceso de produción gardaranse por separado e baixo supervisión oficial ata que se completen as investigacións indicadas no manual de diagnóstico.

3. Se se confirmar a IAAP, a carne de aves de curral e calquera subproduto derivado delas e a carne e subprodutos derivados de calquera outra ave de curral que poidan ter sido contaminados durante o sacrificio e o proceso de produción eliminaranse o antes posible baixo supervisión oficial.

Artigo 39. *Medidas complementarias.*

Cando se sospeite ou se confirme a IAAP nun matadoiro, un posto de inspección fronteirizo ou un medio de transporte, as autoridades competentes velarán por que se apliquen as seguintes medidas complementarias:

a) Non se introducirán aves de curral ou outras aves cativas no matadoiro, no posto de inspección fronteirizo ou no medio de transporte mentres non transcorran, como mínimo, 24 horas desde a limpeza e desinfección previstas na alínea b) e realizadas mediante un ou varios dos procedementos previstos no artigo 51. Cando se trate de postos de inspección fronteirizos, a prohibición de introdución poderase ampliar a outros animais.

b) A limpeza e desinfección dos edificios, o equipamento e os vehículos contaminados será realizada polo veterinario oficial ou baixo a súa supervisión mediante un ou varios dos procedementos indicados no artigo 51.

c) Realizarase unha enquisa epidemiolóxica.

d) As medidas recollidas no artigo 6.2 aplicaranse na explotación de orixe das aves ou os cadáveres infectados e nas explotacións de contacto.

e) Salvo que a enquisa epidemiolóxica e demais investigacións previstas no artigo 36 reflectan outros datos, na explotación de orixe aplicaranse as medidas do artigo 10.

f) A cepa clínica do virus da influenza aviaria estudarase en laboratorio para identificar o subtipo vírico, segundo o establecido no manual de diagnóstico.

CAPÍTULO V

Influenza aviaria de baixa patoxenicidade (IABP)

SECCIÓN 1.^a MEDIDAS NAS EXPLOTACIÓNS
CON FOCOS CONFIRMADOS

Artigo 40. *Medidas que se deberán aplicar.*

1. En caso de foco de IABP, as autoridades competentes velarán por que, sobre a base dunha avaliación do risco e tendo en conta como mínimo os criterios do anexo V, se apliquen as medidas establecidas nas alíneas a), b), c), e), g) e h) do artigo 6.2, no artigo 6.3 e nos puntos 2 ao 5 deste artigo.

2. As autoridades competentes velarán polo baleirado, baixo control oficial, de todas as aves cativas da especie en que se confirmase IABP nunha explotación, de modo que se impida a propagación da influenza aviaria.

O baleirado poderase ampliar a outras aves cativas da explotación, en función da avaliación do risco que presenten en canto á posible propagación da influenza aviaria a outras explotacións que se poidan considerar de contacto, sobre a base da enquisa epidemiolóxica.

Antes do baleirado, ningunha ave de curral ou outra ave cativa entrará ou sairá da explotación sen autorización das autoridades competentes.

3. Para os efectos do punto 2, o baleirado efectuarase de conformidade co establecido no Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, e as autoridades competentes decidirán que as aves de curral ou outras aves cativas:

a) Se maten o antes posible.

b) Se sacrifiquen nun matadoiro designado, conforme o punto 4.

Cando o baleirado se produza mediante sacrificio nun matadoiro designado, as aves de curral someteranse a unha vixilancia e a probas adicionais.

As aves de curral non sairán da explotación para ir ao matadoiro designado ata que as autoridades competentes, tendo en conta en particular as investigacións e as probas de laboratorio encamiñadas a determinar o alcance de calquera excreción do virus polas devanditas aves, realizadas de conformidade co disposto no manual de diagnóstico, e unha avaliación do risco, consideren que o risco de propagación da IABP é mínimo.

4. Os sacrificios en matadoiros designados conforme o punto 3 só se poderán efectuar se:

a) As aves de curral se envían directamente desde a explotación ao matadoiro designado.

b) Se cada partida é precintada antes do seu despacho polo veterinario oficial encargado da explotación ou baixo a súa supervisión.

c) Cada partida permanece precintada durante todo o transporte ata a súa chegada ao matadoiro designado.

d) Se cumpren as medidas de bioseguranza adicionais que impoñan as autoridades competentes.

e) As autoridades competentes responsables do matadoiro reciben a información e consenten a recepción das aves de curral.

f) Se limpan e desinfectan sen demora os vehículos e o equipamento utilizado para o transporte das aves de curral vivas e outros materiais ou substancias con probabilidade de estar contaminados, tras a contaminación, mediante un ou máis dos procedementos establecidos no artigo 51.

g) Se eliminan os subprodutos destas aves de curral xerados no matadoiro.

5. As autoridades competentes velarán pola eliminación, baixo control oficial:

a) Dos cadáveres.

b) Dos ovos para incubar da explotación.

6. As autoridades competentes que apliquen as medidas previstas nos puntos 2, 4 e 5 informarán diso inmediatamente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este o traslade sen demora á Comisión Europea.

Artigo 41. *Outras medidas.*

En caso de foco de IABP, as autoridades competentes velarán por que se apliquen as seguintes medidas:

a) Sempre que sexa posible, rastrexaranse e incubaranse baixo supervisión oficial os ovos para incubar recollidos na explotación entre a data probable de introdución da IABP nesta e a data de inicio das medidas establecidas neste real decreto.

b) As aves de curral que nacesen de ovos recollidos da explotación no período transcorrido entre a data probable de introdución da IABP na explotación e a aplicación das medidas previstas neste real decreto quedarán, cando sexa posible, baixo supervisión oficial e serán investigadas segundo o establecido no manual de diagnóstico.

c) Os ovos que houbese na explotación, e os que se seguisen producindo nela antes do baleirado previsto no artigo 40.2, transportaranse coa condición de que se reduza ao máximo o risco de propagación de IABP:

1.º A un centro de embalaxe por elas designado (en diante o centro de embalaxe designado) sempre que vaian en embalaxes desbotables e que se apliquen todas

as medidas de bioseguranza exixidas polas autoridades competentes.

2.º A un establecemento de elaboración de ovoprodutos conforme o disposto no capítulo II da sección X do anexo III do Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, para ser manipulados e tratados de conformidade co capítulo XI do anexo II do Regulamento (CE) número 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

3.º A un establecemento para a súa eliminación.

d) Todo material ou substancia que poida estar contaminado tratarase de acordo coas instrucións do veterinario oficial ou eliminarase.

e) O esterco, os xurros e o estrume que poidan estar contaminados someteranse a un ou varios dos procedementos previstos no artigo 51.

f) O antes posible tras o baleirado, todas as naves en que se aloxasen as aves de curral ou outras aves cativas, os vehículos utilizados para o seu transporte ou o dos seus canais, cadáveres, pensos, esterco, xurros, estrume e calquera outro material ou substancia que poida estar contaminado, someteranse sen demora a un ou varios dos procedementos previstos no artigo 51.

g) Ningún mamífero entrará ou sairá da explotación sen autorización das autoridades competentes. Esta restrición non se aplicará a aqueles mamíferos que unicamente teñan acceso a aquelas zonas destinadas á vivenda de persoas en que:

1.º Non teñan contacto coas aves ou outras aves de curral ou outras aves cativas da explotación.

2.º Non teñan acceso a ningunha gaiola ou zona en que se garden as aves de curral ou outras aves cativas.

h) En caso de foco primario de IABP, a cepa clínica do virus someterase ás probas de laboratorio establecidas no manual de diagnóstico para identificar o seu subtipo; a cepa remitirase ao laboratorio nacional de referencia para o seu envío o antes posible ao laboratorio comunitario de referencia.

Artigo 42. *Excepcións para determinadas explotacións.*

1. As autoridades competentes poderán autorizar excepcións ás medidas establecidas no artigo 40.2 e no artigo 40.5.b), en casos de foco de IABP nunha explotación non comercial, un circo, un zoolóxico, unha paxararía, un parque de animais silvestres, unha zona cercada onde se manteñan as aves de curral ou outras aves cativas con fins científicos ou relacionados coa conservación de especies en perigo ou de razas protexidas rexistradas oficialmente, sempre que non poñan en perigo as medidas de control da enfermidade.

2. As autoridades competentes velarán por que cando se autorice unha excepción, de acordo co punto anterior, as aves de curral ou outras aves cativas ás cales se lles aplique a excepción:

a) Sexan levadas ao interior dunha nave da explotación, onde permanecerán. Cando non sexa viable ou en caso de que o seu benestar se vexa comprometido, confinaranse noutro lugar da mesma explotación no cal non poidan ter contacto con outras aves de curral ou outras aves cativas doutras explotacións. Débense tomar todas as medidas razoables para reducir ao máximo o contacto con aves silvestres.

b) Sigan sometidas a vixilancia e a probas segundo o indicado no manual de diagnóstico e non se despracen ata que as análises de laboratorio indiquen que xa

non constitúen un risco significativo de propagación da IABP.

c) Non se despracen da súa explotación de orixe, salvo para ser sacrificadas ou para o seu traslado a outra explotación situada:

1.º En España, de conformidade coas instrucións das autoridades competentes de orixe e destino.

2.º Noutro Estado membro, logo de acordo do Estado membro de destino.

3. En caso de foco de IABP en incubadoras e sobre a base dunha avaliación do risco, as autoridades competentes poderán autorizar excepcións a todas ou algunhas das medidas indicadas no artigo 40.

4. As autoridades competentes establecerán as disposicións de aplicación das excepcións previstas nos puntos 1 e 3.

5. As autoridades competentes que autoricen calquera excepción das previstas nos puntos 1 ou 3 informarán diso inmediatamente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este o traslade sen demora á Comisión Europea.

SECCIÓN 2.^a UNIDADES DE PRODUCCIÓN E EXPLOTACIÓNS DE CONTACTO

Artigo 43. *Medidas en caso de focos de IABP en unidades de produción independentes.*

1. En caso de foco de IABP nunha explotación con dúas ou máis unidades de produción independentes, as autoridades competentes poderán autorizar excepcións ás medidas que figuran no artigo 40.2, para as unidades de produción con aves de curral sas, sempre que non se poñan en perigo as medidas de control da enfermidade.

2. As autoridades competentes establecerán as disposicións de aplicación das excepcións previstas no punto 1, en función das garantías zoonosanitarias que se poidan ofrecer, e detallarán as medidas alternativas pertinentes.

3. As autoridades competentes que autoricen calquera excepción de acordo co punto 1 informarán diso inmediatamente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este o traslade sen demora á Comisión Europea.

Artigo 44. *Medidas que se aplicarán nas explotacións de contacto.*

1. Sobre a base da enquisa epidemiolóxica, as autoridades competentes decidirán se unha explotación se debe considerar explotación de contacto.

As autoridades competentes velarán por que se lles apliquen ás explotacións de contacto as medidas establecidas no artigo 6.2 ata que, seguindo o manual de diagnóstico, se descarte a IABP.

2. Sobre a base da enquisa epidemiolóxica, as autoridades competentes poderán aplicar ás explotacións de contacto as medidas que se expoñen no artigo 40, en particular se a explotación de contacto está situada nunha zona de alta densidade de aves de curral, e segundo os criterios previstos ao respecto no anexo IV.

3. As autoridades competentes velarán por que se tomen mostras das aves de curral ao matalas, para poder confirmar ou descartar a presenza de virus da IABP nesas explotacións de contacto, segundo o estipulado no manual de diagnóstico.

4. As autoridades competentes velarán por que, en toda explotación en que se sacrifiquen ou maten e eliminen aves de curral ou outras aves cativas e posteriormente se confirme a presenza de IABP, as naves e terreos

utilizados para albergalas, os pastos e todos os equipamentos que poidan estar contaminados, así como os vehículos utilizados para o seu transporte ou o dos seus cadáveres, a carne, pensos, esterco, xurros, estrume e calquera outro material ou substancia que poidan estar contaminados se sometan a un ou varios dos procedementos previstos no artigo 51.

SECCIÓN 3.^a ZONAS RESTRINXIDAS

Artigo 45. *Establecemento de zonas restrinxidas en casos de foco de IABP.*

En canto se produza un foco de IABP, as autoridades competentes establecerán arredor da explotación unha zona restrinxida dun raio mínimo de 1 quilómetro.

Artigo 46. *Medidas que se aplicarán na zona restrinxida.*

1. As autoridades competentes velarán por que na zona restrinxida se apliquen, polo menos, as seguintes medidas:

a) Elaborarase o antes posible un censo de todas as explotacións comerciais.

b) Faranse probas de laboratorio nas explotacións comerciais de aves de curral situadas nun raio mínimo de 1 quilómetro arredor da explotación, segundo estipe o manual de diagnóstico.

c) Someteranse á autorización, e a outras medidas que as autoridades competentes consideren apropiadas, os desprazamentos de aves de curral, doutras aves cativas, galiñas para a posta, pitos dun día e ovos no interior da zona restrinxida ou con destino a ela. Esta restrición non se aplicará ao tránsito a través da zona restrinxida por estrada ou ferrocarril, sen descarga nin paradas.

d) Quedarán prohibidos os desprazamentos de aves de curral, doutras aves cativas, galiñas para a posta, pitos dun día e ovos procedentes da zona restrinxida.

e) Eliminaranse os cadáveres.

f) Toda persoa que entre ou saia das explotacións da zona restrinxida terá en conta as medidas apropiadas de bioseguranza destinadas a evitar a propagación da influenza aviaria.

g) O antes posible despois da contaminación limparanse e desinfectaranse, mediante un ou varios dos procedementos previstos no artigo 51, os vehículos e equipamentos utilizados para o transporte de aves de curral ou doutras aves cativas vivas, dos seus pensos, esterco, xurros, estrume e calquera outro material ou substancia que poida estar contaminado.

h) Ningunha ave de curral, nin outra ave cativa nin mamífero poderá entrar ou saír dunha explotación sen autorización das autoridades competentes. Esta restrición non se aplicará aos mamíferos que só teñan acceso ás zonas destinadas á vivenda humana en que non teñan contacto ningún coas aves de curral ou outras aves cativas da explotación, e nas cales non teñan acceso a ningunha das gaiolas ou zonas das aves de curral ou doutras aves cativas da explotación.

i) Prohibirase retirar ou espaxar o estrume usado, o esterco ou os xurros, salvo autorización expresa das autoridades competentes. Poderase autorizar o desprazamento de esterco ou xurros desde explotacións situadas na zona de vixilancia e sometidas a medidas de bioseguranza ata unha planta de tratamento designada, ou ata un punto de almacenamento intermedio para o seu ulterior tratamento que elimine a posible presenza de virus da influenza aviaria, de conformidade co Regulamento (CE) número 1774/2002 do Parlamento Europeo e

do Consello, do 3 de outubro de 2002, ou, de ser o caso, coas normas específicas que poida adoptar ao respecto a Comisión Europea.

j) Quedará prohibido celebrar feiras, mercados, exposicións e demais concentracións de aves de curral ou doutras aves cativas, salvo autorización expresa das autoridades competentes.

k) Non se porán en liberdade aves de curral ou outras aves cativas para repoboación de zonas de caza.

2. Sobre a base dunha avaliación do risco, as autoridades competentes poderán introducir outras medidas ademais das previstas nesta sección, das cales informarán o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o seu traslado á Comisión Europea.

Artigo 47. *Excepcións ao movemento de aves e ovos.*

Malia o previsto no artigo 46.1.d), as autoridades competentes poderán autorizar o transporte directo de:

a) Aves de curral, para o seu sacrificio nun matadoiro situado en España.

b) Aves de curral vivas a unha explotación ou nave dunha explotación situada en España e na cal non haxa outras aves de curral. As aves vivas permanecerán durante como mínimo 21 días na devandita explotación, a cal quedará baixo control oficial desde o momento da súa chegada.

c) Pitos dun día con destino directo a:

1.º Unha explotación ou nave dunha explotación situada en España na cal non haxa outras aves de curral. Os pitos dun día permanecerán durante 21 días como mínimo na devandita explotación ou nave dunha explotación, a cal quedará baixo supervisión oficial desde a súa chegada.

2.º Se naceron de ovos procedentes de explotacións avícolas situadas fóra da zona restrinxida, a calquera outra explotación, sempre que a incubadora de envío garanta, pola súa loxística e as condicións de bioseguranza do seu traballo, que non houbo contacto con ovos para incubar ou pitos dun día procedentes de mandas de aves de curral de tal zona, polo que teñen unha situación sanitaria diferente.

d) Ovos de incubar a unha incubadora designada, sempre que os ovos e a súa embalaxe se desinfecten antes do seu envío e estea garantida a súa rastrexabilidade.

e) Ovos de mesa a un centro de embalaxe designado, sempre que vaian en embalaxes desbotables e que se apliquen todas as medidas de bioseguranza exixidas polas autoridades competentes.

f) Ovos a un establecemento de elaboración de ovoprodutos conforme o disposto no capítulo II da sección X do anexo III do Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, para ser manipulados e tratados de conformidade co capítulo XI do anexo II do Regulamento (CE) número 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, situados dentro ou fóra da zona restrinxida.

g) Ou para a súa eliminación.

Artigo 48. *Duración das medidas.*

As medidas previstas nesta sección manteranse:

a) Un mínimo de 21 días despois da data de finalización da limpeza e desinfección preliminar da explotación infectada mediante un ou varios dos procedementos establecidos no artigo 51, e ata que, sobre a base das exploracións e as probas de laboratorio realizadas na

zona restrinxida de conformidade co manual de diagnóstico e tras unha avaliación do risco, as autoridades competentes consideren que o risco de propagación da IABP é desdeñable.

b) Un mínimo de 42 días despois da data de confirmación do foco e ata que, sobre a base das exploracións e das probas de laboratorio realizadas na zona restrinxida de conformidade co manual de diagnóstico e tras unha avaliación do risco, as autoridades competentes consideren que o risco de propagación da IABP é desdeñable.

c) Se é o caso, coa duración e condicións que fixe a Comisión Europea.

Artigo 49. *Excepcións.*

1. Cando se confirme a IABP nunha incubadora, e sobre a base dunha avaliación do risco, as autoridades competentes poderán autorizar excepcións a todas ou a algunhas das medidas recollidas nos artigos 45 e 46.

2. As autoridades competentes poderán autorizar excepcións ás medidas establecidas nesta sección, en casos de foco de IABP nunha explotación non comercial ou explotación de aves de compañía, un circo, un zoológico unha paxararía, un parque de animais silvestres, unha zona cercada onde se manteñan as aves de curral ou outras aves cativas con fins científicos ou relacionados coa conservación de especies en perigo ou de razas protexidas rexistradas oficialmente, sempre que non poñan en perigo as medidas de control da enfermidade.

3. As autoridades competentes que autoricen calquera excepción de acordo con este artigo comunicaránlo inmediatamente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que este o traslade sen demora á Comisión Europea.

CAPÍTULO VI

Medidas para evitar a propagación a outras especies, limpeza, desinfección e repoboación

Artigo 50. *Probas de laboratorio e demais medidas relativas aos porcos e a outros animais.*

1. Tras confirmarse a presenza de influenza aviaria en calquera explotación, as autoridades competentes velarán por que todos os porcos presentes nas explotacións se sometan a probas de laboratorio adecuadas, conforme o manual de diagnóstico, para confirmar ou descartar que os devanditos porcos estean ou estivesen infectados co virus da influenza aviaria.

Mentres esperan os resultados, non se permitirá a saída de porcos da explotación.

2. Cando as probas de laboratorio mencionadas no punto 1 confirmen a infección dos porcos polos virus da influenza, as autoridades competentes poderán autorizar o desprazamento destes porcos a outras explotacións porcinas ou a matadoiros designados, sempre que as correspondentes probas ulteriores puxesen de manifesto que o risco de propagación da influenza aviaria é desdeñable.

3. As autoridades competentes velarán por que, cando as probas de laboratorio mencionadas no punto 1 confirmen un risco sanitario importante, se maten os porcos segundo o Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, o antes posible, baixo supervisión oficial e de modo que se impida a propagación do virus da influenza aviaria, en particular durante o transporte.

4. En caso de confirmación de influenza aviaria en calquera explotación, e sobre a base dunha avaliación do risco, as autoridades competentes poderán aplicar as

medidas previstas nos puntos 1, 2 e 3 a calquera outro mamífero da explotación, e amplialas ás explotacións de contacto.

5. As autoridades competentes comunicaranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o seu traslado á Comisión Europea, os resultados das probas e das medidas aplicadas de conformidade co establecido nos puntos 1 ao 4.

6. En caso de confirmación de virus da influenza aviaria nos porcinos ou en calquera outro mamífero de calquera explotación, as autoridades competentes poderán proceder a unha vixilancia, de conformidade co manual de diagnóstico, para identificar calquera outra propagación do virus da influenza aviaria.

Artigo 51. *Limpeza, desinfección e procedementos para eliminar o virus.*

1. A limpeza, a desinfección e o tratamento das explotacións e de calquera material ou substancia destas que estea contaminado ou que poida estar contaminado por virus da influenza aviaria levarase a cabo baixo supervisión oficial, de conformidade coas instrucións do veterinario oficial e os principios e procedementos de limpeza, desinfección e tratamento establecidos no anexo VI.

2. Calquera terreo ou pasto utilizado por aves de curral ou outras aves cativas dunha explotación na cal se confirmase a presenza de influenza aviaria non volverá ser utilizada por aves de curral ou outras aves cativas ata que as autoridades competentes comprobem que calquera virus da influenza aviaria se eliminou ou desactivou.

3. A limpeza, desinfección e tratamento dos matoiros, vehículos, remolques ou calquera outro medio de transporte ou posto de inspección fronteirizo, ou de calquera material ou substancia destes que estea contaminado ou poida estar contaminado con virus de influenza aviaria, efectuaranse baixo supervisión oficial e de acordo coas instrucións do veterinario oficial.

4. Calquera equipamento, material ou substancia destes que estea contaminado ou que poida estar contaminado por virus da influenza aviaria que non se poida limpar, desinfectar ou tratar, deberá ser destruído.

5. Os desinfectantes que se van utilizar, así como as súas concentracións, deberán estar autorizados de acordo co Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, a autorización e comercialización de biocidas.

Artigo 52. *Repoboación das explotacións.*

1. A repoboación efectuarase de acordo co previsto neste artigo tras a aplicación das medidas establecidas nos artigos 10 e 40.

2. Non se procederá á repoboación dunha explotación comercial de aves de curral antes de transcorridos, polo menos, 21 días desde a terminación da limpeza e desinfección final establecidas no artigo 51.

3. Durante os 21 días seguintes ao da data de repoboación dunha explotación comercial de aves de curral cumpriranse as seguintes medidas:

a) O veterinario oficial realizará como mínimo unha exploración física das aves de curral. A devandita exploración ou, en caso de procederse a varias, a última exploración realizarase o máis preto posible do final do devandito período de 21 días.

b) Realizaranse probas de laboratorio, de conformidade co manual de diagnóstico.

c) As aves de curral que morran durante a fase de repoboación serán analizadas, de conformidade co manual de diagnóstico.

d) Toda persoa que entre ou saia da explotación comercial de aves de curral terá en conta as medidas apropiadas de biosegurança destinadas a evitar a propagación da influenza aviaria.

e) Durante a fase de repoboación, ningunha ave de curral sairá da explotación comercial sen a autorización expresa das autoridades competentes.

f) O propietario levará un rexistro dos datos de produción, incluídos os datos de morbilidade e mortalidade, que actualizará periodicamente.

g) Comunicaráselles inmediatamente ás autoridades competentes todo cambio significativo da produción, segundo o mencionado na letra f), así como outras anomalías.

4. Sobre a base dunha avaliación do risco, as autoridades competentes poderán ordenar a aplicación dos procedementos do punto 3 a explotacións distintas das comerciais de aves de curral ou a outras especies dunha explotación comercial de aves de curral.

5. A repoboación con aves de curral das explotacións de contacto levarase a cabo, segundo as instrucións das autoridades competentes, sobre a base dunha avaliación de riscos. Sen prexuízo diso, a autoridade competente poderá decidir que, unha vez transcorridos polo menos os 21 días previstos no punto 2, desde a terminación da limpeza e desinfección finais establecidas no artigo 51, e antes da repoboación, se introduzan animais sentinelas, que serán sometidos a controis clínicos e analíticos con resultado favorable, como garantía adicional antes de introducir as aves de repoboación.

CAPÍTULO VII

Procedementos e manual de diagnóstico, e laboratorios de referencia

Artigo 53. *Procedementos de diagnóstico e manual de diagnóstico.*

1. Os procedementos de diagnóstico, a mostraxe e as probas de laboratorio para detectar a influenza aviaria en aves de curral ou outras aves cativas ou do virus da influenza aviaria en mamíferos levaranse a cabo segundo o manual de diagnóstico.

2. Os virus da influenza aviaria, o seu xenoma, os seus antíxenos e as vacinas para investigación, diagnóstico ou fabricación manipularanse ou utilizaranse exclusivamente en instalacións, establecementos ou laboratorios designados polas autoridades competentes, nos cales estean garantidas unhas condicións apropiadas de biosegurança.

As autoridades competentes remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de xullo de 2007, para o seu traslado por este á Comisión Europea, a lista de instalacións, establecementos ou laboratorios aprobados, e posteriormente as súas actualizacións ou modificacións.

Artigo 54. *Laboratorios.*

1. O laboratorio comunitario de referencia para a influenza aviaria é o previsto no anexo VII, e desempeñará as funcións e tarefas recollidas no devandito anexo.

2. Designase como laboratorio nacional de referencia o Laboratorio Central de Sanidade Animal do Minis-

terio de Agricultura, Pesca e Alimentación sito en Algete (Madrid).

3. O laboratorio nacional de referencia desempeñará as funcións e tarefas recollidas no anexo VIII.A e será responsable de coordinar as normas e os métodos de diagnóstico en España, conforme o disposto no anexo VIII.A, e en colaboración co laboratorio comunitario de referencia.

4. As autoridades competentes poderán establecer os laboratorios de carácter público ou, de ser o caso, recoñecer ou designar os de carácter privado, competentes para a análise e diagnóstico da influenza aviaria, coas funcións que se recollen no anexo VIII.B.

CAPÍTULO VIII

Vacunación

Artigo 55. *Fabricación, venda e utilización de vacinas contra a influenza aviaria.*

1. Prohíbese a vacunación contra a influenza aviaria, agás nos supostos previstos neste capítulo.

2. A manipulación, fabricación, almacenamento, subministración, distribución e venda de vacinas contra a influenza aviaria efectuarase sempre baixo control oficial.

3. Só se empregarán vacinas autorizadas pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, conforme o Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, de medicamentos veterinarios, ou autorizadas de conformidade co Regulamento (CE) n.º 726/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, polo que se establecen procedementos comunitarios para a autorización e o control dos medicamentos de uso humano e veterinario e polo que se crea a Axencia Europea de Medicamentos.

Artigo 56. *Vacunación de urxencia das aves de curral ou outras aves cativas.*

1. Poderase proceder á vacunación de urxencia das aves de curral ou doutras aves cativas como medida a curto prazo, de conformidade co disposto neste artigo e no artigo 57, para conter un foco cando unha avaliación de risco indique que existe unha ameaza significativa e inmediata de introdución ou propagación da influenza aviaria en España e cando se dea unha ou máis das seguintes circunstancias:

- a) Apareza un foco en España.
- b) Apareza un foco nun Estado membro próximo.
- c) Se confirmase a influenza aviaria nas aves de curral ou noutras aves cativas nun país terceiro próximo.

2. A decisión de aplicar a vacunación de urxencia tomaraa a Comisión Europea e as autoridades competentes velarán pola súa aplicación e o seu cumprimento.

A devandita decisión será solicitada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por iniciativa ou logo de solicitude dunha ou de varias comunidades autónomas ou das cidades de Ceuta e Melilla, tras consultar o Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria.

3. Para iso, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación remitiralle á Comisión Europea un plan de vacunación de urxencia, con base nos datos proporcionados polas autoridades competentes. O devandito plan estará en liña cunha estratexia DIVA e conterà, como mínimo, a seguinte información:

a) A situación da enfermidade que dese lugar á aplicación da vacunación de urxencia.

b) A zona xeográfica en que se teña que realizar a vacunación de urxencia, o número de explotacións que se atopen nela e o número de explotacións en que haxa que proceder á vacunación, se for diferente.

c) As especies e categorías de aves de curral ou doutras aves cativas ou, de ser o caso, o compartimento de aves de curral ou doutras aves cativas que se deban vacinar.

d) O número aproximado de aves de curral ou doutras aves cativas que se vaian vacinar.

e) O resumo das características da vacina.

f) A duración prevista da campaña de vacunación de urxencia.

g) As disposicións específicas relativas aos desprazamentos de aves de curral vacinadas ou doutras aves cativas vacinadas e dos seus produtos, sen prexuízo das medidas recollidas nas seccións 3.^a, 4.^a e 5.^a do capítulo IV e na sección 3.^a do capítulo V.

h) Os criterios para decidir se a vacunación de urxencia se aplicará nas explotacións de contacto.

i) A identificación e o rexistro das aves de curral ou doutras aves cativas vacinadas.

j) As probas clínicas e de laboratorio que se realizarán nas explotacións en que se deba proceder á vacunación de urxencia e noutras explotacións situadas na zona de vacunación, para o seguimento da situación epidemiolóxica, a eficacia da campaña de vacunación de urxencia e o control dos desprazamentos das aves de curral ou doutras aves cativas vacinadas.

3. O plan de vacunación de urxencia non se poderá aplicar ata que sexa autorizado pola Comisión Europea.

Artigo 57. *Excepcións.*

Non obstante o disposto no artigo 56, poderase aplicar unha vacunación de urxencia antes da aprobación do plan de vacunación de urxencia pola Comisión Europea, nas seguintes condicións:

a) Antes do inicio das operacións de vacunación de urxencia o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación deberalle ter presentado á Comisión Europea o plan de vacunación de urxencia e deberá terlle sido notificada a decisión de adoptar a vacunación de urxencia.

b) Quedarán prohibidos os desprazamentos de aves de curral e doutras aves cativas e dos seus produtos salvo nas condicións establecidas no anexo IX.

c) Coa decisión de aplicar a vacunación de urxencia non se porán en perigo as medidas de control da enfermidade.

Artigo 58. *Vacunación preventiva das aves de curral ou doutras aves cativas.*

1. De acordo co artigo 19 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá decidir a vacunación preventiva das aves de curral ou doutras aves cativas como medida a longo prazo, e baseándose nunha avaliación de risco, cando considere que nalgunhas zonas de España, certas clases de produción avícola ou determinadas categorías de aves de curral ou doutras aves cativas ou os compartimentos de aves de curral ou doutras aves cativas están expostos ao risco de influenza aviaria.

2. Para iso, deberá presentar á Comisión, para a súa aprobación, un plan de vacunación preventiva. O devandito plan estará en liña cunha estratexia DIVA e conterà,

como mínimo, a seguinte información, con base nos datos proporcionados polas autoridades competentes:

a) Unha descrición clara das razóns para a vacinación preventiva, incluído os antecedentes da enfermidade.

b) A zona xeográfica, a clase de produción avícola, as categorías de aves de curral ou doutras aves cativas ou os compartimentos de aves de curral ou doutras aves cativas nos cales se deba realizar a vacinación preventiva, o número de explotacións que se encontren na zona e o número e clase de explotacións en que haxa que proceder á vacinación, se for diferente.

c) As especies e categorías de aves de curral ou doutras aves cativas ou, de ser o caso, o compartimento de aves de curral ou doutras aves cativas que deban ser vacinadas.

d) O número aproximado de aves de curral ou doutras aves cativas que vaian ser vacinadas.

e) O resumo das características da vacina autorizada.

f) A duración prevista da campaña de vacinación preventiva.

g) Disposicións específicas sobre os desprazamentos de aves de curral ou doutras aves cativas vacinadas, non obstante o disposto nas seccións 3.^a, 4.^a e 5.^a do capítulo IV e na sección 3.^a do capítulo V.

h) A identificación e o rexistro das aves de curral ou doutras aves cativas vacinadas.

i) As probas de laboratorio que se realizarán conforme o manual de diagnóstico nas explotacións en que se teña que proceder á vacinación preventiva simultaneamente á vixilancia e ás probas nun número axeitado doutras explotacións situadas na zona de vacinación ou dos compartimentos para aves de curral ou outras aves cativas, para o seguimento da situación epidemiolóxica, a eficacia da campaña de vacinación preventiva e o control dos desprazamentos das aves de curral ou doutras aves cativas vacinadas.

3. O plan de vacinación preventiva será aprobado pola Comisión Europea e non se poderá aplicar durante a vacinación. A aprobación do plan de vacinación preventiva poderá conter medidas que restrinxan os desprazamentos de aves de curral ou doutras aves cativas e dos seus produtos. Entre estas medidas poderán figurar restricións relativas a determinados compartimentos de aves de curral ou doutras aves cativas, así como o establecemento de zonas restrinxidas.

Artigo 59. *Bancos de vacinas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación terá acceso ao banco comunitario de vacinas logo de solicitude á Comisión Europea.

2. No marco do plan de intervención establecido no artigo 61, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá crear ou manter un banco nacional de vacinas para almacenar reservas de vacinas contra a influenza aviaria para a súa utilización en vacinacións de urxencia ou preventivas cuxa comercialización ou uso estean autorizados pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, de conformidade co Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, incluídas a prescrición excepcional ou as autorizadas de conformidade co Regulamento (CE) número 726/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004. No devandito caso, comunicaránselle á Comisión as cantidades e os tipos das vacinas almacenadas.

CAPÍTULO IX

Controis comunitarios, plan de intervención e réxime sancionador

Artigo 60. *Controis comunitarios.*

1. Na realización dos controis in situ que os expertos da Comisión Europea realicen, representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, de ser o caso, doutros departamentos cando así sexa necesario, poderán acompañar os representantes da autoridade competente.

2. Cando se realicen os ditos controis, os órganos competentes das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, de ser o caso, doutros departamentos cando así sexa necesario, no ámbito das súas competencias, deberanlles prestar aos expertos da Comisión toda a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións.

3. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para ter en conta os resultados dos controis efectuados.

Artigo 61. *Plan de intervención.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación preparará un plan de intervención, en coordinación coas comunidades autónomas, así como co Ministerio de Sanidade e Consumo, para os aspectos de protección do persoal e instrucións ao dito persoal sobre o risco que a influenza aviaria constitúe para a saúde humana, e segundo o establecido no anexo X, no cal se especificarán as medidas nacionais que se aplicarán en caso dun foco, e presentarallo á Comisión para, de ser o caso, a súa aprobación.

2. Este plan deberá permitir o acceso ás instalacións, ao equipamento, ao persoal e a todo outro material axeitado que sexan necesarios para a rápida e eficaz erradicación do foco. O plan deberá dar unha indicación do número e situación de todas as explotacións comerciais de aves de curral. O plan de intervención debe ofrecer unha indicación do número máximo de aves de curral por especies que poden estar presentes nas devanditas explotacións comerciais, e incluírá unha estimación da cantidade de vacinas necesarias en caso de vacinación de urxencia. Así mesmo, conterà os desinfectantes que se van utilizar para os efectos do artigo 51.

O plan recollerá disposicións de cooperación estreita entre as autoridades competentes responsables dos distintos sectores, en particular as encargadas da sanidade animal, a saúde pública, as cuestións ambientais e a saúde e seguranza dos traballadores, en particular para asegurar unha comunicación de risco axeitada aos avicultores, aos traballadores do sector avícola e á poboación xeral.

3. Unha vez elaborado o plan, será sometido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación á aprobación da Comisión Europea, que poderá introducir as modificacións que sexan necesarias, especialmente para garantir a súa compatibilidade cos plans doutros Estados membros, así como modificalo ou completalo posteriormente para adaptalo á evolución da situación.

4. O plan será actualizado polo menos cada cinco anos e someterase do modo previsto no punto anterior á aprobación da Comisión.

5. A execución do plan, unha vez aprobado, correspóndelles ás autoridades competentes.

Artigo 62. Réxime sancionador.

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concurrer.

Disposición adicional primeira. Indemnización por sacrificio obrigatorio.

De conformidade co artigo 21 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, o sacrificio obrigatorio dos animais previsto neste real decreto dará dereito ao seu titular á correspondente indemnización por sacrificio obrigatorio, de acordo cos baremos previstos na normativa vixente. Unicamente terán dereito a indemnización aqueles propietarios de gando que cumprisen coa normativa vixente en materia de sanidade animal.

Disposición adicional segunda. Referencias á normativa derogada.

As referencias que se conteñan, na normativa aplicable, ao Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, entenderanse feitas a este real decreto.

Disposición transitoria primeira. Plan de intervención.

1. O plan de intervención para o control da influenza aviaria aprobado para España pola Comisión Europea que estea vixente o día da entrada en vigor deste real decreto seguirase aplicando ata que a Comisión Europea aprobe o plan a que se refire o artigo 61.

2. Non obstante, antes do 30 de setembro de 2007 o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación remitirá á Comisión Europea, para a súa aprobación, o plan modificado para ter en conta o disposto no artigo 61.

Disposición transitoria segunda. Protocolos e reactivos.

Ata que a Comisión Europea aprobe o manual de diagnóstico, e para os efectos do artigo 53, o laboratorio nacional de referencia proporcionará os protocolos e determinará os reactivos que permitan levar a cabo os procedementos de diagnóstico, mostraxe e probas de laboratorio para detectar a influenza aviaria en aves de curral ou noutras aves cativas, ou do virus da influenza aviaria en mamíferos, sobre a base da mellor evidencia científica dispoñible.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto, e especificamente o Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto ten carácter de normativa básica estatal e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade. Exceptúase o disposto nos artigos 38, 39 e 51.3 en canto se refire aos postos de inspección fronteirizos no anexo II.5 e o réxime sancionador correspondente,

que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a, primeiro inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2005/94/CE do Consello, do 20 de decembro de 2005, relativa a medidas comunitarias de loita contra a influenza aviaria e pola que se derroga a Directiva 92/40/CEE.

Disposición derradeira terceira. Facultade de desenvolvemento e modificación.

1. Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

2. Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para modificaren, no ámbito das súas respectivas competencias, o contido dos anexos para a súa adaptación á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 3 de abril de 2007

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I**Definición de influenza aviaria**

1. Influenza aviaria: toda infección das aves de curral ou doutras aves cativas causada por calquera dos virus da influenza de tipo A dos subtipos H5 ou H7; ou cuxo índice de patoxenicidade intravenosa (IPIV) sexa superior a 1,2 en polos de seis semanas de idade.

2. Influenza aviaria de alta patoxenicidade (IAAP): toda infección das aves de curral ou doutras aves cativas causada por virus da influenza aviaria dos subtipos H5 ou H7 cunha secuencia xenómica, codificadora de múltiples aminoácidos básicos no sitio de división da molécula da hemaglutinina, similar á observable noutros virus da IAAP, o que indica que a molécula de hemaglutinina pode ser escindida por unha proteasa presente de forma ubicua no hospedador; ou virus da influenza aviaria cuxo índice de patoxenicidade intravenosa sexa superior a 1,2 en polos de seis semanas de idade.

3. Influenza aviaria de baixa patoxenicidade (IABP): toda infección das aves de curral ou doutras aves cativas, causada por virus da influenza aviaria dos subtipos H5 ou H7 que non entre na definición do punto anterior.

ANEXO II

Notificación da enfermidade e demais información epidemiolóxica que deben proporcionar as autoridades competentes

1. A partir da confirmación de cada foco primario ou da detección da influenza aviaria nun matadoiro ou medio de transporte, a autoridade competente notificaralla de inmediato ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o seu traslado á Comisión Europea no prazo máximo de 24 horas desde a devandita confirmación ou detección, de conformidade cos artigos 3 e 4.1.a) do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro:

- a) Data de notificación.
- b) Hora de notificación.
- c) Comunidade autónoma ou cidade de Ceuta e Melilla.
- d) Nome da enfermidade.
- e) Número de focos ou casos de influenza aviaria no matadoiro ou medio de transporte.
- f) Data en que se empezou a sospeitar a presenza da enfermidade.
- g) Data de confirmación.
- h) Métodos utilizados para a confirmación.
- i) Se a enfermidade se confirmou nunha explotación, un matadoiro ou un medio de transporte.
- j) A situación xeográfica do foco ou caso de influenza aviaria no matadoiro ou medio de transporte.
- k) Medidas aplicadas de loita contra a enfermidade.

Así mesmo, se a enfermidade se confirmou nunha explotación ou nun medio de transporte, comunicaráse lle no devandito prazo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o necesario seguimento, o código de identificación das explotacións en que se confirmou a enfermidade que se regula no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, ou o número de autorización do medio de transporte.

2. Cando se constaten casos de influenza aviaria en matadoiros ou medios de transporte, ademais dos datos recollidos no punto 1, deberase comunicar, así mesmo, a seguinte información:

- a) Número estimado, por categoría, de aves de curral ou doutras aves cativas sensibles no matadoiro ou medio de transporte.
- b) Número estimado, por categoría, de aves de curral ou doutras aves cativas mortas no matadoiro ou medio de transporte.
- c) Por cada categoría de aves de curral ou doutras aves cativas, morbilidade detectada e número estimado de aves de curral ou doutras aves cativas en que se confirmou a influenza aviaria.
- d) Número estimado de aves de curral ou doutras aves cativas matadas ou sacrificadas no matadoiro ou medio de transporte.
- e) Número estimado de aves de curral ou doutras aves cativas que se eliminaron.
- f) Se se tratar dun matadoiro, a distancia desde a explotación comercial máis próxima que teña aves de curral ou outras aves cativas.
- g) Localización das explotacións de orixe das aves de curral ou dos cadáveres infectados.

3. En caso de focos secundarios, a información recollida nos puntos anteriores deberase comunicar dentro do prazo establecido no artigo 4.1.b) do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro.

4. A autoridade competente velará porque a información que se deba proporcionar, de acordo cos puntos anteriores en relación cun foco ou caso de influenza aviaria nun matadoiro ou medio de transporte, vaia seguida o antes posible por un informe escrito, que se remitirá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para o seu traslado posterior por este á Comisión Europea e aos demais Estados membros, que conteña polo menos os seguintes elementos:

- a) Data en que se matasen ou sacrificasen as aves de curral ou outras aves cativas da explotación, matadoiro ou medio de transporte e na cal se eliminasen os seus cadáveres.
- b) Calquera dato referente á posible orixe da influenza aviaria, ou á súa orixe efectiva se se puido determinar.
- c) Información sobre o sistema de control establecido para garantir a aplicación efectiva das medidas de control dos desprazamentos de animais.
- d) En caso de detección de influenza aviaria nun matadoiro ou medio de transporte, xenotipo do virus causal.
- e) En caso de que se matasen ou sacrificasen aves de curral ou outras aves cativas en explotacións de contacto ou en explotacións con aves de curral ou outras aves cativas sospeitosas de estar infectadas polo virus da influenza aviaria, información sobre:

1.º A data da matanza ou o sacrificio e o número estimado de aves de curral ou outras aves cativas de cada categoría matadas ou sacrificadas en cada explotación.

2.º A relación epidemiolóxica entre a fonte de infección e cada explotación de contacto, ou os motivos que conduciron á presunción de que a influenza aviaria existe.

3.º Cando non se matasen ou sacrificasen aves de curral ou outras aves cativas nestas explotacións de contacto, deberanse comunicar as razóns que xustificaron a decisión de non matalas ou sacrificarlas.

5. Se se confirma a influenza aviaria en aves de curral vivas, noutras aves cativas ou en produtos avícolas que se importan ou chegan ás fronteiras comunitarias, a postos de inspección fronteirizos, instalacións ou centros de corentena que operan de conformidade coa normativa en materia de importación, as autoridades competentes deberánllo notificar á Comisión Europea sen demora e comunicar as medidas adoptadas.

6. Se os resultados dunha vixilancia detectan todo risco importante para a sanidade animal ou a saúde pública, a autoridade competente notificarallo de inmediato ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o seu traslado á Comisión Europea e ao resto de Estados Membros no prazo máximo de 24 horas desde a devandita detección.

ANEXO III

Autorización para recoller ovos dunha explotación

As autoridades competentes poderán autorizar o transporte de ovos dunha explotación suxeita ás disposicións do artigo 7.3 e do artigo 12.3 a un establecemento autorizado para a elaboración de ovoprodutos conforme o disposto no Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004 (no sucesivo o establecemento designado), nas seguintes condicións:

1. Para que se poidan recoller ovos da explotación de orixe, estes deberán ser directamente enviados desde

a explotación sospeitosa ao establecemento designado; o veterinario oficial responsable da explotación sospeitosa deberá precintarse cada envío, ou supervisar a operación de precintaxe, previamente á súa saída, envío que seguirá precintado mentres dure o transporte ata o establecemento designado.

2. O veterinario oficial responsable da explotación sospeitosa informará as autoridades competentes do establecemento designado da súa intención de enviarlle os ovos.

3. As autoridades competentes responsables do establecemento designado aseguraranse de que:

a) Os ovos a que fai referencia o punto 1 permanezan illados dos demais ovos desde a súa chegada ata o seu tratamento.

b) As súas cascas sexan eliminadas.

c) As embalaxes destes ovos se eliminan ou se limpén e desinfecten de maneira que se destrúan todos os virus da influenza aviaria.

d) Os ovos a que fai referencia o punto 1 se transporten en vehículos limpos e desinfectados. Aplicaránse medidas de bioseguranza ao persoal e ao equipamento e vehículos que interveñan no transporte dos ovos.

ANEXO IV

Cráterios principais e factores de risco que se deberán considerar para a decisión de aplicar medidas en explotacións de contacto e en áreas de risco noutras zonas restrinxidas

Cráterios indicativos	
Para proceder ao baleirado	Para non proceder ao baleirado
Signos clínicos de influenza aviaria en explotacións de contacto.	Ausencia de signos clínicos de influenza aviaria na explotación de contacto e de relación epidemiolóxica.
Alta sensibilidade das especies de aves de curral predominantes.	Baixa sensibilidade das especies de aves de curral predominantes.
Desprazamentos de aves de curral e doutras aves cativas desde as explotacións en que se confirmase a influenza aviaria cara a explotacións de contacto despois do momento probable de introdución do virus nas devanditas explotacións infectadas.	Non se coñece desprazamento de aves de curral e doutras aves cativas desde as explotacións en que se confirmase a influenza aviaria cara a explotacións de contacto despois do momento probable de introdución do virus nas devanditas explotacións infectadas.
Localización das explotacións de contacto nunha zona de elevada densidade de aves de curral.	Localización das explotacións de contacto nunha zona de baixa densidade de aves de curral.
A enfermidade estivo presente durante algún tempo con propagación probable do virus desde as explotacións en que se confirmou a influenza aviaria antes da aplicación de medidas de erradicación.	A enfermidade está presente pero con propagación reducida do virus desde as explotacións en que se confirmou a influenza aviaria antes da aplicación de medidas de erradicación.
Localización de explotacións de contacto dentro dun raio de 500 metros (1) das explotacións en que se confirmase a influenza aviaria.	Localización de explotacións de contacto a máis de 500 metros (1) das explotacións en que se confirmase a influenza aviaria.
As explotacións de contacto manteñen relacións con máis dunha das explotacións en que se confirmou a influenza aviaria.	As explotacións de contacto non están relacionadas con explotacións en que se confirmase a influenza aviaria.
A epidemia non está controlada e o número de explotacións en que se confirmou a influenza aviaria vai en aumento.	A epidemia está baixo control.

(1) En caso de zonas de densidade moi elevada de aves de curral deberase considerar unha distancia maior.

ANEXO V

Cráterios para decidir a aplicación de medidas nas explotacións en relación coa IABP

Ao decidiren os desprazamentos das aves de curral ou dos ovos e o baleirado de explotacións, de conformidade co disposto no artigo 40.1, as autoridades competentes tomarán en consideración, como mínimo, os seguintes cráterios: a especie de que se trate; o número de explotacións na zona que rodea a explotación de expedición; a situación dos matadoiros, incubadoras e centros de embalaxe designados; as medidas de bioseguranza aplicables nas explotacións e nos compartimentos para aves de curral ou outras aves cativas, durante o

transporte e o sacrificio; a vía de transporte; os indicios de propagación; o posible risco para a saúde pública; o ulterior tratamento dos produtos en cuestión, e as repercusións socioeconómicas ou outras.

ANEXO VI

Principios e procedementos de limpeza, desinfección e tratamento das explotacións

1. Para a limpeza, a desinfección e o tratamento a que se fai referencia no artigo 51, aplicaranse os seguintes principios xerais e procedementos:

a) As operacións de limpeza e desinfección e, se procede, as medidas destinadas á destrución de roedo-

res e insectos, efectuaranse baixo supervisión oficial e de acordo coas instrucións do veterinario oficial.

b) Os desinfectantes que se vaian utilizar e as súas concentracións terán sido autorizados de acordo co Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, e están indicados para, ou inclúen entre as súas indicacións ou recomendacións de uso, a destrución dos virus da influenza aviaria.

c) Os desinfectantes utilizaranse seguindo, ben as recomendacións dos seus fabricantes cando se dispoña delas, ben as instrucións do veterinario oficial ou as instrucións das autoridades competentes, de ser o caso.

d) A elección dos desinfectantes e dos procedementos de desinfección farase en función da natureza das explotacións, dos vehículos e obxectos que se vaian tratar.

e) As condicións de utilización dos produtos desengraxantes e desinfectantes deben ser tales que non diminúa a súa eficacia; en particular, observaranse os parámetros técnicos indicados polo fabricante, como presión, temperatura mínima e tempo de contacto necesario.

f) Independentemente do desinfectante utilizado, aplicaranse as seguintes regras xerais:

1.º O estrume e as materias fecais débense empapar totalmente co desinfectante.

2.º O lavado e a limpeza da terra, chan, ramplas e paredes débense facer mediante cepillado e fregado coitadosos tras retirar ou desmontar, cando sexa posible, o equipamento ou as instalacións que puidesen dificultar a eficacia dos procesos de limpeza e desinfección.

3.º Despois deberase aplicar o desinfectante durante o tempo mínimo de contacto recollido nas recomendacións do fabricante.

g) Cando o lavado se realice con líquidos aplicados a presión, deberase evitar a recontaminación das partes limpadas previamente.

h) Incluírse o lavado, desinfección ou destrución dos equipamentos, instalacións, dos artigos ou de calquera cousa que poida estar contaminada.

i) Tras a realización da desinfección deberase evitar a recontaminación.

j) A limpeza e a desinfección impostas no ámbito deste real decreto estarán documentadas no rexistro da explotación ou do vehículo e, cando se exixa unha aprobación oficial, estarán certificadas polo veterinario supervisor oficial ou por unha persoa baixo a súa supervisión.

k) Limparanse e desinfectaranse os vehículos utilizados para o transporte e polo persoal.

2. A limpeza e a desinfección das explotacións infectadas levaranse a cabo segundo os seguintes principios e procedementos:

a) Limpeza e desinfección previas:

1.º Ao matar as aves de curral ou outras aves cativas, tomaranse todas as medidas necesarias para evitar ou reducir ao mínimo a dispersión dos virus da influenza aviaria; entre elas figurará a instalación de equipamentos temporais de desinfección, a subministración de vestimenta protectora, duchas, descontaminación do equipamento, instrumentos e instalacións utilizados, así como a interrupción da alimentación eléctrica ao sistema de ventilación.

2.º Os cadáveres de aves de curral ou doutras aves cativas que se matasen cubriranse con desinfectante.

3.º Todo transporte de cadáveres de aves de curral ou doutras aves cativas que deban ser retiradas da explotación para a súa eliminación, levarase a cabo en vehículos ou recipientes pechados e estancos e baixo

supervisión oficial de forma que se evite a propagación do virus da influenza aviaria.

4.º En canto as aves de curral ou outras aves que se matasen sexan retiradas para a súa destrución, as partes da explotación en que se tivesen aloxado os animais, así como calquera parte doutros edificios, currais, etc., contaminadas durante a matanza ou a necropsia, asperxaranse con desinfectantes autorizados conforme o disposto no artigo 51.

5.º Os tecidos ou o sangue que se derramasen durante a matanza ou a necropsia deberán ser recollidos coitadososamente e eliminados xunto cos cadáveres das aves de curral e doutras aves cativas.

6.º O desinfectante permanecerá sobre a superficie tratada durante polo menos 24 horas.

b) Limpeza e desinfección finais:

1.º O esterco e o estrume utilizados retiraranse e trataranse como se indica no punto 3.a).

2.º A graxa e a sucidade eliminaranse de calquera superficie cun produto desengraxante e as superficies limparanse con auga.

3.º Tras o lavado con auga fría, asperxaranse novamente as superficies con desinfectante.

4.º Unha vez transcorridos sete días, as explotacións deberanse tratar cun produto desengraxante, enxaugarse con auga, asperxarse con desinfectante e enxaugarse de novo con auga.

3. A desinfección do estrume, o esterco e os xurros infectados levarase a cabo segundo os seguintes principios e procedementos:

a) O esterco e o estrume usados:

1.º Trataranse por vapor a unha temperatura mínima de 70°C.

2.º Destruíranse por incineración.

3.º Enterraranse a unha profundidade que impida o acceso de aves silvestres e doutros animais.

4.º Deberán amontoarse para xerar calor, asperxarse con desinfectante e deixarse durante 42 días polo menos.

b) Os xurros conservaranse durante polo menos 60 días tras a última adición de material infeccioso, salvo que as autoridades competentes autoricen un período de almacenamento máis reducido para os xurros que se tratasen eficazmente, de acordo coas instrucións do veterinario oficial, para garantir a destrución do virus.

As autoridades competentes poderán autorizar o transporte de esterco, dexeccións e estrume que poidan estar contaminados ben a unha planta de tratamento en que quede garantida a destrución dos virus da influenza, ou ben a un lugar de almacenamento intermedio antes da súa destrución ou tratamento, de conformidade co Regulamento (CE) número 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, ou, de ser o caso, coas normas específicas que poida aprobar para o efecto a Comisión Europea. O devandito transporte realizarase en vehículos ou recipientes pechados e estancos, baixo supervisión oficial, de modo que se impida a propagación dos virus da influenza aviaria.

4. No entanto, malia o disposto nos puntos 1 e 2, as autoridades competentes poderán establecer procedementos específicos de limpeza e desinfección, tendo en conta o tipo de explotación e as condicións climáticas.

Cando apliquen esta excepción, as autoridades competentes notificarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o seu traslado á Comisión Europea, facilitándolle os detalles dos procedementos concretos.

5. Sen prexuízo do disposto no artigo 51.2 se, polo motivo que for, as autoridades competentes chegasen ao convencemento de que non é posible limpar e desinfectar algunha das explotacións ou parte destas, poderán prohibir a entrada de persoas, vehículos, aves de curral, aves cativas, mamíferos ou obxectos ás devanditas explotacións ou a parte destas, e a devandita prohibición seguirá vixente durante, polo menos, 12 meses.

ANEXO VII

Laboratorio comunitario de referencia para a influenza aviaria

1. O laboratorio comunitario de referencia para a influenza aviaria é Veterinary Laboratories Agency (VLA), New Haw, Weybridge, Surrey KT 15 3 NB, Reino Unido.

2. As funcións e as tarefas do laboratorio comunitario de referencia son as seguintes:

a) Coordinar, de acordo coa Comisión Europea, os métodos empregados nos Estados membros para o diagnóstico da influenza aviaria, entre outras mediante as seguintes tarefas específicas:

1.º Tipificación, almacenamento e subministración de cepas do virus da influenza aviaria para sometelas ás probas serolóxicas e preparar antisoros.

2.º Subministración de soros e demais reactivos de referencia aos laboratorios nacionais de referencia para harmonizar as probas e os reactivos empregados en cada Estado membro.

3.º Creación e conservación dunha colección de cepas ambientais e clínicas de virus da influenza aviaria.

4.º Organización periódica, a escala comunitaria, de probas comparativas dos procedementos de diagnóstico.

5.º Recolla e selección de datos e información sobre os métodos de diagnóstico utilizados e os resultados das probas efectuadas na Comunidade.

6.º Caracterización das cepas clínicas dos virus da influenza aviaria mediante os métodos máis avanzados para lograr unha mellor comprensión da epidemioloxía da influenza aviaria e destes virus, así como da aparición de cepas altamente patóxenas e posiblemente patóxenas.

7.º Seguimento da evolución mundial do control, a epidemioloxía e a prevención da influenza aviaria.

8.º Compilación de coñecementos e experiencia sobre o virus da influenza aviaria e outros afíns para poder facer un diagnóstico diferencial rápido.

9.º Coñecemento da preparación e utilización dos produtos da inmunoloxía veterinaria para o control da influenza aviaria.

b) Prestar unha asistencia activa para o diagnóstico dos focos na Comunidade ao recibir cepas clínicas de virus da influenza aviaria para confirmar o diagnóstico, para a súa caracterización e o seu estudo epidemiolóxico e para obter cepas clínicas de focos primarios procedentes de países terceiros autorizados para exportar á Comunidade aves de curral vivas e carne fresca de aves de curral, en función da lexislación comunitaria pertinente. En particular, o laboratorio comunitario de referencia efectuará o seguinte coas cepas clínicas que reciba:

1.º Secuenciación de nucleótidos para determinar a secuencia de aminoácidos deducida no punto de corte da molécula de hemaglutinina.

2.º Determinación do índice de patoxenicidade intravenosa (IVPI).

3.º Tipificación antixénica.

4.º Análise filoxenética de apoio ás investigacións epidemiolóxicas.

c) Facilitar o adestramento ou a posta ao día de expertos en diagnóstico de laboratorio, para harmonizar as técnicas en toda a Comunidade.

d) Preparar o programa e os documentos de traballo da reunión anual dos laboratorios nacionais de referencia.

e) Colaborar na realización de estudos sobre a influenza aviaria, en aves tanto de curral coma silvestres, que se leven a cabo nos Estados membros, subministrándolles, no marco do programa, antixenos e procedementos homologados para as probas, así como preparando un informe resumido dos resultados dos estudos.

f) Observar permanentemente as posibles repercusións zoonóticas dos virus da influenza aviaria e colaborar con laboratorios internacionalmente recoñecidos en materia de influenza humana.

g) Desenvolver, en consulta coa Comisión Europea, un plan de crise e intervención que incluíra unha disposición para a cooperación cos laboratorios de referencia da Oficina Internacional de Epizootias e da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) para a influenza aviaria e, de ser o caso, cos demais laboratorios da Comunidade recoñecidos internacionalmente.

ANEXO VIII

Funcións e tarefas dos laboratorios

A. Laboratorio nacional de referencia

1. O laboratorio nacional de referencia estará encargado de velar por que en España as probas de laboratorio para detectar a influenza aviaria e identificar o tipo xenético das cepas clínicas do virus se axusten ao manual de diagnóstico. Para tal efecto poderá establecer acordos especiais co laboratorio comunitario de referencia ou con outros laboratorios nacionais de referencia doutros Estados membros.

2. O laboratorio nacional de referencia, unha vez recibidas das autoridades competentes cepas clínicas do virus da influenza aviaria, presentaraas sen demora ao laboratorio comunitario de referencia para a súa caracterización completa:

a) Procedentes de todos os focos primarios de influenza aviaria.

b) Procedentes dun número representativo dos focos secundarios.

c) Ou se se detectaren virus da influenza distintos dos mencionados no anexo I.1, en aves de curral, noutras aves cativas ou noutros mamíferos, que poidan constituír unha ameaza importante para a saúde.

3. O laboratorio nacional de referencia será responsable da coordinación das normas e dos métodos de diagnóstico utilizados por cada laboratorio oficial de diagnóstico da influenza aviaria das comunidades autónomas a que se refire o artigo 30 de Lei 8/2003, do 24 de abril. Para tal efecto:

a) Poderalles proporcionar aos laboratorios de diagnóstico autorizados que o soliciten os protocolos necesarios para o diagnóstico e, en función das dispoñibilidades existentes, os reactivos.

b) Controlará a calidade de todos os reactivos de diagnóstico utilizados en España.

c) Organizará periodicamente probas comparativas.

d) Manterá cepas clínicas de virus da influenza aviaria procedentes de focos e de calquera outro virus da influenza de orixe aviaria detectado en España.

e) Colaborará co laboratorio ou laboratorios nacionais de influenza humana.

f) Adestrar ou pór ao día os expertos dos laboratorios oficiais das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, para harmonizar as técnicas e reactivos.

B. Laboratorios oficiais

1. Os laboratorios oficiais das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla serán os encargados de realizar as análises para a detección da enfermidade nas especies sensibles, de acordo cos métodos e reactivos definidos polo manual de diagnóstico.

2. A autoridade competente, unha vez que o laboratorio oficial comunicase un resultado positivo, enviará as mostras que procedan ao laboratorio nacional de referencia para a confirmación da enfermidade e a identificación do virus e subtipo para a determinación de se se trata de IAAP ou de IABP.

3. Os laboratorios oficiais participarán nos cursos, reunións ou ensaios colaborativos que organice o laboratorio nacional de referencia para harmonizar os procedementos ou mellorar a súa eficiencia, e colaborarán cos laboratorios autonómicos de influenza humana.

ANEXO IX

Requisitos xerais sobre os desprazamentos de aves de curral e doutras aves cativas e de produtos avícolas aplicables en relación coa vacinación de urxencia

1. As autoridades competentes velarán por que os controis dos desprazamentos das aves de curral e doutras aves cativas vacinadas de conformidade co artigo 57 e dos seus produtos se realicen segundo as disposicións dos puntos 3 a 8 deste anexo, de conformidade co manual de diagnóstico.

2. Os vehículos ou medios de transporte e equipamento utilizados para transportar aves de curral ou outras aves cativas vivas, ovos ou carne de ave, no contexto deste anexo, someteranse a un ou máis dos procedementos de limpeza, desinfección ou tratamento que figuran no artigo 51, sen demora despois do seu uso.

3. Aplicaranse as seguintes disposicións aos desprazamentos de aves de curral e doutras aves cativas vivas e ovos dentro da zona de vacinación:

a) Os ovos para incubar:

1.º Procederán de aves reprodutoras, vacinadas ou non, que se someteron a exploración con resultados favorables, de conformidade co manual de diagnóstico.

2.º Teranse desinfectado previamente ao seu envío seguindo un método autorizado polas autoridades competentes.

3.º Transportaranse directamente á incubadora de destino.

4.º Estará garantida a súa rastrexabilidade na incubadora.

b) Os ovos procederán de aves poñedoras, vacinadas ou non, que se someteron a exploración con resultados favorables, de conformidade co manual de diagnóstico, e transportaranse:

1.º A un centro de embalaxe designado polas autoridades competentes («o centro de embalaxe designado») sempre que vaian en embalaxes desbotables e que se apliquen todas as medidas de bioseguranza exixidas polas autoridades competentes.

2.º A un establecemento de fabricación de produtos a base de ovo como figura no capítulo II da sección X do anexo III do Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, e manipularanse e trataranse conforme o capítulo XI do anexo II do Regulamento (CE) número 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

c) Os pitos dun día:

1.º Procederán de ovos de incubar que cumpran as condicións establecidas na letra a).

2.º Colocaranse nun galiñeiro ou nave onde non haxa outras aves de curral residentes.

d) As aves de curral ou outras aves cativas vivas:

1.º Terán sido vacinadas contra a influenza aviaria, se así o recolle o programa de vacinación.

2.º Terán sido sometidas a exploración, con resultados favorables, de conformidade co manual de diagnóstico.

3.º Colocaranse nun galiñeiro ou nunha nave en que non haxa outras aves de curral residentes.

e) As aves de curral destinadas ao sacrificio:

1.º Terán sido sometidas a exploración, con resultados favorables, antes de que se carguen, de conformidade co manual de diagnóstico.

2.º Enviaranse directamente a un matadoiro designado para o seu sacrificio inmediato.

4. Aplicaranse as seguintes disposicións aos desprazamentos de aves de curral e doutras aves cativas e ovos desde explotacións situadas fóra da área de vacinación a explotacións situadas dentro da área de vacinación:

a) Os ovos para incubar:

1.º Transportaranse directamente á incubadora de destino.

2.º Estará garantida a súa rastrexabilidade na incubadora.

b) Os ovos transportaranse:

1.º A un centro de embalaxe designado polas autoridades competentes («o centro de embalaxe designado»), sempre que vaian en embalaxes desbotables e que se apliquen todas as medidas de bioseguranza exixidas polas autoridades competentes.

2.º A un establecemento de fabricación de produtos a base de ovo como figura no capítulo II da sección X do anexo III do Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, e manipularanse e trataranse conforme o capítulo XI do anexo II do Regulamento (CE) número 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

c) Os pitos dun día colocaranse nun galiñeiro ou nave onde non haxa outras aves de curral residentes.

d) As aves de curral ou outras aves cativas vivas:

1.º Colocaranse nun galiñeiro ou nave onde non haxa outras aves de curral residentes.

2.º Serán vacinadas na explotación de destino, se está previsto no programa de vacinación.

e) As aves de curral destinadas ao sacrificio enviaranse directamente a un matadoiro designado para o seu sacrificio inmediato.

5. Aplicaranse as seguintes disposicións aos desprazamentos de aves de curral e doutras aves cativas e ovos desde explotacións situadas dentro da área de vaci-

nación a explotacións situadas fóra da área de vacinación:

a) Os ovos para incubar:

1.º Procederán de aves reprodutoras, vacinadas ou non, que se someteron a exploración, de conformidade co manual de diagnóstico.

2.º Terán sido desinfectados previamente ao seu envío seguindo un método autorizado polas autoridades competentes.

3.º Transportaranse directamente á incubadora de destino.

4.º Estará garantida a súa rastrexabilidade na incubadora.

b) Os ovos procederán de aves poñedoras, vacinadas ou non, que se someteron a exploración con resultados favorables, de conformidade co manual de diagnóstico e trasladaranse:

1.º A un centro de embalaxe designado polas autoridades competentes («o centro de embalaxe designado»), sempre que vaian en embalaxes desbotables e que se apliquen todas as medidas de bioseguranza exixidas polas autoridades competentes.

2.º A un establecemento de fabricación de produtos a base de ovo como figura no capítulo II da sección X do anexo III do Regulamento (CE) número 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, e manipularanse e trataranse conforme o capítulo XI do anexo II do Regulamento (CE) número 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

c) Os pitos dun día:

1.º Non deberán ter sido vacinados.

2.º Procederán de ovos para incubar que cumpran as condicións establecidas nos puntos 3.a) 4.a) ou 5.a) deste anexo.

3.º Alojaranse nun galiñeiro ou nave onde non residan outras aves de curral.

d) As aves de curral ou outras aves cativas vivas:

1.º Non terán sido vacinadas.

2.º Terán sido sometidas a exploración con resultados favorables, de conformidade co manual de diagnóstico.

3.º Alojaranse nun galiñeiro ou nave onde non residan outras aves de curral.

e) As aves de curral destinadas ao sacrificio:

1.º Terán sido sometidas a exploración, con resultados favorables, antes de que se carguen, de conformidade co manual de diagnóstico.

2.º Enviaranse directamente ao matadoiro designado para o seu sacrificio inmediato.

6. Aplicaranse as seguintes disposicións á carne procedente de aves de curral da zona de vacinación:

a) Cando se trate de carne de aves de curral que foron vacinadas, estas aves:

1.º Terán sido vacinadas cunha vacina que se axuste a unha estratexia DIVA.

2.º Terán sido sometidas a exploración e probas con resultados negativos, segundo o disposto no manual de diagnóstico.

3.º Terán sido examinadas por un veterinario oficial nas 48 horas previas á súa carga e, de ser o caso, o veterinario oficial terá sometido a exploración aves sentinela da explotación.

4.º Terán sido enviadas directamente a un matadoiro designado para o seu sacrificio inmediato.

b) Cando se trate de carne de aves de curral que non foron vacinadas, estas aves someteranse ao seguimento previsto no manual de diagnóstico.

7. As autoridades competentes poderán autorizar o desprazamento de cadáveres ou ovos desde as explotacións para a súa eliminación.

8. Non se aplicarán outras restricións aos desprazamentos dos ovos embalados e a carne procedente das aves de curral sacrificadas conforme este anexo.

9. Os traslados de aves de curral (incluídos os pitos dun día) ou doutras aves cativas desde España quedarán prohibidos desde o comezo da campaña de vacinación de urxencia ata que a Comisión Europea aprobe o plan de vacinación de urxencia conforme o artigo 56, sen prexuízo da aplicación doutras medidas comunitarias, a menos que os autorice a autoridade competente do Estado membro receptor.

ANEXO X

Criterios aplicables ao Plan de intervención

O Plan de intervención deberá cumprir, polo menos, os seguintes criterios:

1. Actuará como centro de crise a escala nacional, que coordinará todas as medidas de control en España, o Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, directamente ou a través dun grupo de traballo acordado no seu seo, neste último caso se afecta só algunha ou algunhas comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla.

Non obstante, en caso de urxencia e ata a actuación daquel, poderase constituír un comité nacional de emerxencia, que sexa plenamente funcional, no seo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no cal haberá, polo menos, un representante da comunidade ou das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla que o desexen, en cuxo territorio acaecese o foco.

2. Elaborarase unha lista dos centros locais de control dotados do equipamento axeitado para coordinar as medidas de control a escala local.

3. Ofrecerase información detallada sobre o persoal que participa en medidas de control, as súas cualificacións, as súas responsabilidades e sobre as instrucións que recibe relativas á necesidade de protección persoal e ao risco que a influenza aviaria constitúe para a saúde humana.

4. Calquera centro local de urxencia deberá poder establecer rapidamente contacto coas persoas ou organizacións directa ou indirectamente afectadas por un foco.

5. Disporase dos equipos e materiais necesarios para levar a cabo de forma efectiva as medidas de control.

6. Daranse instrucións precisas relativas ás accións que se deban adoptar cando se sospeiten e confirmen casos de infección ou de contaminación, incluídos os medios de destrución dos cadáveres.

7. Estableceranse programas de formación para manter e desenvolver as capacidades necesarias para participar nos procedementos sobre o terreo e nos administrativos.

8. Os laboratorios de diagnóstico deberán ter instalacións para practicar necropsias, a capacidade necesaria para os exames serolóxicos, histolóxicos, etc., e actualizar as súas técnicas de diagnóstico rápido. Estableceranse disposicións para o transporte rápido de mostras. O plan de intervención destacará tamén a capacidade de diagnóstico do laboratorio e os recursos dispoñibles para se enfrontar a un foco da enfermidade.

9. Elaborarase un plan de vacinación completo, con diversos marcos hipotéticos, con indicación dos grupos de aves de curral e doutras aves cativas que participarán, un cálculo da cantidade necesaria de vacinas e a súa dispoñibilidade.

10. Deberán existir disposicións sobre a dispoñibilidade de datos sobre o rexistro de explotacións comerciais de aves de curral no territorio de España, sen prexuízo doutras disposicións pertinentes que a lexislación comunitaria estableza neste ámbito.

11. Tomaranse medidas para recoñecer as razas protexidas, de ser o caso, rexistradas oficialmente de aves de curral e doutras aves cativas.

12. Tomaranse medidas para identificar as zonas de gran densidade de aves de curral.

13. Adoptaranse disposicións que outorguen a capacidade xurídica necesaria para a aplicación dos plans de intervención.

14. Contarase coa colaboración, asesoramento ou apoio do sector produtor.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

8350 *REAL DECRETO 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.* («BOE» 96, do 21-4-2007.)

A disposición derradeira sétima da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, faculta o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da citada lei, coa finalidade principal de facer efectivo o exercicio do dereito subxectivo de cidadanía que se lle recoñece a todos os españois en situación de dependencia a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Con independencia desta habilitación xeral, a disposición derradeira quinta da lei encoméndalle ao Goberno a aprobación dun regulamento que estableza o baremo para a valoración dos graos e niveis de dependencia previstos nos artigos 26 e 27. Así mesmo, o Goberno debe dar cumprimento á disposición adicional décimo terceira da lei, que establece unha valoración específica para os menores de tres anos que atenda ás especiais circunstancias que derivan da súa idade.

De acordo co capítulo III, título I, da lei, o baremo que se establece no anexo I desta norma determina os criterios obxectivos para a valoración do grao de autonomía das persoas, no que atinxe á capacidade para realizar as tarefas básicas da vida diaria, así como á necesidade de apoio e supervisión a este respecto para persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental.

A valoración ten en conta os informes existentes relativos á saúde da persoa e ao medio en que se desenvolve. Este instrumento de valoración da situación de dependencia inclúe un protocolo cos procedementos e técnicas que se deben seguir e a determinación dos intervalos de puntuación que corresponden a cada un dos graos e niveis de dependencia.

Así mesmo, este real decreto, en cumprimento do disposto na disposición adicional novena da Lei 39/2006, posibilita tamén a efectividade do recoñecemento da situación de dependencia dos que teñan recoñecida a pensión de grande invalidez ou a necesidade de axuda de terceira persoa.

No suposto das persoas que teñan recoñecido o complemento de grande invalidez, mediante a aplicación do baremo, establecerase o grao e nivel de dependencia de cada persoa, garantindo, en todo caso, o grao I dependencia moderada nivel 1. E no que se refire aos que teñan recoñecido o complemento de necesidade de terceira persoa segundo o anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, establécese a aplicación da correspondente táboa de homologación.

En cumprimento do disposto no artigo 27 e na disposición derradeira quinta da Lei 39/2006, o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención da Dependencia adoptou o Acordo do 23 de marzo de 2007, polo que se aproban o baremo de valoración dos graos e niveis de dependencia e a escala de valoración específica para menores de tres anos, así como a homologación dos recoñecementos previos para aquelas persoas que teñan recoñecido o complemento de grande invalidez e para os que teñan recoñecido o complemento da necesidade do concurso doutra persoa.

En cumprimento dos artigos 40 e 41 da Lei 39/2006, o proxecto foi sometido ao Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, Consello Estatal de Persoas Maiores, Consello Nacional da Discapacidade, Consello Estatal de Organizacións non Gobernamentais de Acción Social, así como ao Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, que emitiron informe favorable.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e, en substitución deste e de conformidade co Real decreto 502/2007, do 19 de abril, a vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Baremo de valoración dos graos e niveis de dependencia e escala de valoración específica para os menores de tres anos.*

Apróbanse o baremo de valoración dos graos e niveis de dependencia e a escala de valoración específica para os menores de tres anos que figuran como anexos I e II deste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Efectividade do recoñecemento das situacións vixentes de grande invalidez e da necesidade do concurso doutra persoa.*

1. Para efectos do previsto na disposición adicional novena da lei, ás persoas que teñan recoñecido o complemento de grande invalidez recoñeceráselles a situación de dependencia, co grao e nivel que se determine mediante a aplicación do baremo establecido no artigo anterior, garantindo en todo caso o grao I dependencia moderada, nivel I.

2. Así mesmo, ás persoas que teñan recoñecido o complemento da necesidade do concurso doutra persoa, determinado segundo o baremo do anexo 2 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación de grao de minusvalidez, recoñeceráselles o grao e nivel que lles corresponda, en función da puntuación específica